


t&ima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

San Saturnino: a primeira cooperativa do agro galego



**Conversa con Ramón Valcarce,
cura de Sésamo:**

**«Hai que derruba-las
estruturas da Igrexa»**

Portugal, 3 anos despois

¿Adeus á revolución?



IBAÑEZ, PINTADO POR GOYA

SARGADELOS,




UN CENTRO DE INVESTIGACION E INDUSTRIA NETAMENTE GALEGO

A PLANIFICACION INDUSTRIAL COMO TRADICION INAUGURADA FAI 200 ANOS POR ANTONIO RAIMUNDO IBAÑEZ NA SIDERURXIA E NA CERAMICA


7 RAZOS SOCIO-ECONOMICAS DO NOVO SARGADELOS

- 1 — TRANSFORMA MATERIAS PRIMAS DA MESMA BISBARRA...
- 2 — ...QUE MANUFACTURADAS ADEQUIREN 200 VECES MAIS VALOR QUE VENDENDOAS SOIO BENEFICIADAS.
- 3 — A MAN DE OBRA E NUN 100 % DA MESMA BISBARRA.
- 4 — UBICADA EN MONTE BAIXO NON ELIMINOU CULTIVOS APROVEITABLES, NIN TROUXO COMPLICACIOS ECOLOXICAS.
- 5 — A INVERSION POR POSTO DE TRABALLO FOI DE 300.000 PESETAS.
- 6 — O DESIÑO E A TECNICA QUE UTILIZA PERTENECE A INSTITUCIOS REIVINDICADORAS DA NOSA CULTURA DIFERENCIAL COMA SON

LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA 

SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS 

- 7 — AS POSIBILIDADES DA EVOLUCION DE SARGADELOS ATOPANSE APENAS NOS SEUS COMENZOS.



complexo de industria, investigación e formación que agroma en sargadelos

EDICIOS DO CASTRO

SADA - A CORUÑA. Tfno. 62-02-00

- Libros — PROBLEMAS DA CULTURA GALEGA, en galego ou en galego/castelán.
 — PROBLEMAS DE DESIÑO, COMUNICACION, ARTE E INDUSTRIA, en galego e en castelán.
 — PROBLEMAS TECNICOS PARTICULARES DA CERAMICA, en castelán

- Cadernos —do LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA
 —do SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS
 —do DEPARTAMENTO DE PREHISTORIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO



pola nosa banda

Morrer camiño da escola

Por se foran poucos os xigantescos atrancos cos que se atopa o neno galego pra acceder á máis elemental das ensinanzas, pra poder ire á escola, e pra acadar unha mínima formación axeitada á realidade na que vive —ou se desvive— e está chamado, sinxelamente, a transformar, por se foran poucos os atrancos... agora clama ó ceo a insoslaíbel urxencia dunha reforma en profundidade dos sistemas de transportes escolares espallados, Galicia adiante, sen tan siquer ter as seguridades máis cativas que poidera ter, xa, o home das cavernas. Por se fora pouco, señores, agora hai que engadir á negra lista da longa noite de pedra un trácico berro en sinal de perigo: a penuria dos transportes dos nosos nenos da escola galega ten xa sobor das súas costas a conta impagábel de máis dunha ducia de mortes.

Blancos cadavres saíndo da máis fonda negritude que son mostra, violentísima mostra, dun precio esaxerado: dous accidentes —O Barco de Valdeorras e Redondelas, os tristes resultados do primeiro xa nos cementerios— sumen a Galicia no miolo mesmo da traxedia. Demasiado precio —vidas enteiras arrincadas a puñetazos antre dos ferros quentes da traxedia, vidas esnaquizadas no seu comenzo, destruídas...— pra pagar a inexistencia da máis sinxela infraestrutura no noso mundo da escolantía. Demasiado caro e non abonda cos lamentos. A vida daqueles nenos fóisenos de súpeto —fóisenos a todos un pouco de nós mesmos coas súas vidas cativas— e teñen, as consecuencias, unhas causas doadamente esixíbeis.

Haberá que saber, haberá que investigar, a quén corresponde a culpabilidade das atrocidades acontecidas na pasada semá en Valdeorras... O erro sería descargar a pulverización de máis de doce vidas sobor de determinadas persoas sen ir máis lonxe: o culpábel estará perto, sen dúbida, dos «inxeniosos» organizadores dun plan de escolarización que ten de todo menos deso, escolarización e prós nenos do noso país. Haberá que chegar á conclusión de ¿pra qué serve, verdadeiramente, o actual sistema de concentracións escolares e a quén beneficia? Galicia, Galicia toda, ten a dúbida máis fonda de que, falando seriamente, sexa ela precisamente a beneficiada. Galicia sómola todos e, con eses nenos, señores, fóisenos a vida dun anaco de Galicia, dun anaco de todos nós.

Deixados da man de Deus, os nosos nenos galegos levan adiante, día a día, unha verdadeira odisea pra se achegar, finalmente, a unha educación que sacará sempre de sí as maiores forzas pra lles arrincar dos mesmos corazóns o sentimento galego que lles ven de nacemento. En todo caso, nunca será posíbel abordar unha política educativa seria e prá Galicia se non é coa cobertura dun Poder Galego, sabémolo todos. E desto, semella, Madrid non quere entender. Agora, a traxedia en carne viva aínda, ós pais e máilos neneos galegos —logo das bágoas e do sofrimento— quedalles moito que facer. O asunto da inseguridade total dos transportes escolares, sector no que os propietarios das empresas convirten as necesidades da sociedade nun lucrativo negocio, é somentes un aspecto da cuestión. Detrás, clamando ó ceo, atópase todo o entramado encol da escolarización dos galegos.

- 4 Cada semá:
—Valdeorras: 13 mortes que xa estaban escritas.
—¿Escisión na U.P.G.?
- 8 Os Eidos.
- 10 Informe. Portugal: ¿adeus á revolución?
- 17 Cecebre. Asulagar ós probes.
- 18 San Saturnino. A primeira cooperativa do agro galego.
- 20 Conversa. O cura de Sésamo.
- 24 Tribuna política. Escríben: PPG, PGI, PDG e PPO
- 27 Vieiros. Os derradeiros batáns.
- 30 Cultura:
—As xornadas de cine en Ourense.
—Cara un Pen Club galego.



Edita a Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

Dirixe Anxel Vence Lois

Na Redacción: Luis Alvarez Pousa, Perfecto Conde Muruais, Víctor Fernández Freixanes, Xosé María G. Palmeiro, Antón López Mariño, Xavier Navaza Blanco Manuel Rivas Barrós.

Colaboran: Guillermo Campos (Pontevedra), Xosé Platero e Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense), Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo)

Redacción na Coruña: Manuel Rivas, Xosel Vilela

Redacción en Vigo: Víctor F. Freixanes

Prestan a súa asesoría: Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura), Enrique Aller, Fernando M. Rendulfe (Dereito Laboral), Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía), Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensinio), Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecología), Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa), Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina), Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca), Mario, Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilarinho, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía), César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo), Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

Traballan connosco as axencias: Europa Press (Madrid), Zardoya, (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)

Enviánnos información do Estado e do mundo: Arturo Ruibal, (Madrid), Carlos Porto (Lisboa), Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Cataluña), Gregorio Gálvez (Euzkadí), A. Ramos Espejo (Andalucía), Equipo Andalan (Aragón), Vicent Ventura (País Valenciá), Equipo Cort (Balears), Ramón Luis Chao (París), F. Pérez-Barreiro (Londres), Domingo Fernández (Buenos Aires), Emilia Vázquez (Santiago de Chile), Baldomero Cores (Puerto Rico), Fernando Pereira (Montevideo).

Fotografía: Manuel Yáñez

Dibuxan: Siro, López, Xaquín Marín, Xosé Loquis.

Cartografía: Mario L. Rico

Confecciona e fai as portadas: Xosé M^a G. Vilasó

Supervisan o idioma con normas provisórias: Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei

Xerente: Carlos Vázquez

Xefe de Publicidade: Xosé M. Rodríguez Iglesias

TEIMA imprímese no prelo comercial de «La Voz de Galicia, S.A.» Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña

Os nosos distribuidores:

A Coruña: Distribuidora «Henche» (207020)

Lugo: «Carvel» (215069)

Ourense: «Eudosis Castro» (224349)

Pontevedra: «Cao» (855374)

Vigo: «Distribuidora Viguesa de Publicacións» (414570/)

Ferrol: «Velo» (357707)

Santiago: «Prensa Nacional» (583456)

(Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)

Redacción Central: Rúa do Hórreo, 94, Entrechán-D. Santiago de Compostela

Teléfonos: 596741-593879 (Prefixo 981)

Apartado de Correos n^o 448

Depósito legal: C-649-1976. Solicitaráse o control de O.J.D.

Valdeorras

Trece mortes que xa estaban escritas

Doce nenos, entre seis e doce anos, amáis do condutor dun autobús escolar con máis de vinte anos de servizo morreron ó caí-lo vehículo por un barranco duns cincuenta metros. Segundo conta Xosé Platero, o máis grave de este feito, ocorrido pola parte de Valdeorras (Ourense) na semá última, e que o accidente non veu de novas, que avisos da posibilidade dunha tal traxedia xa houbera dabondo.

Trece mortes son moitas mortes do Noso Señor e a xente da bisbarra consumíase entre a dor e a impotencia. En San Martín, o pai duns ximelgos tentou de quitarlle a pistola a un garda civil pra meterse un tiro na testa cando soubo da morte dos seus dous fillos.

Tiveron que morrer doce nenos e o condutor do autobús que os levaba pra que o Ministerio de Educación e Ciencia prometera unha solución ós anxeos dos veciños de Vilamartín de Valdeorras. Pouco importóu que, dende había xa dous anos, os veciños viñeran decindo que alí había nenos e terreos suficientes pra xustifica-la necesidade de facer un grupo escolar. Pouco importóu que os pais se resistisen a manda-los seus fillos ó colexio da Rúa e que chegaran a contratar mestres que lles deran clases na localidade. Pouco importóu que os escolares andiveran ó frío, ó sol e á auga pra colle-lo autobús. Pouco importóu todo isto, xa que as autoridades sacaron adiante o seu proxecto, medio obrigando, medio concedendo algo.

Tiveron que morrer doce nenos e dazanove quedar moi feridos pra que axiña do enterro comencaran os traballos de reparación da estrada na que foi o accidente, chea de fochancas e outras fallas. Antes desta traxedia pouca importancia tiña que, dende xullo do ano pasado, os 150 millóns de pesetas destinados á reparación da estrada estiveran parados.

Tiveron que vir esas trece mortes pra que novamente xurdiran berros pedindo un hospital comarcal na bisbarra, que é a máis poboada da provincia ourensá. Tiveron que morrer pra que as autoridades da Rúa e Vilamartín calaran coas súas discusións de lavandeiras sobre se conviña millor aquí ou acolá o grupo comarcal.

Os veciños de San Martín xa denunciaron, no curso pasado e nos comezos deste, que na



UN DOS CADALEITOS, LEVADO POR HOMES DA CRUZ ROXA

Rúa había clases con máis de corenta alumnos, polo que falaban da necesidade de crear outros centros. Tamén os veciños tiñan denunciado xa o mal estado dos autobuses que transportaban ós seus fillos e o exaxerado número de rapaces que levaban en cada viaxe: por exemplo, o autocar que vai a San Vicente leva oitenta nenos, case o dobre da súa capacidade.

TEIMA tentóu conectar co xerente da empresa «Trives», señor Hurtado Valente, sen resultado positivo. Nin na súa casa nin na oficina souberon darnos outra resposta que un repetido «non está» —sen previa comprobación— a cada chamada. O señor Hurtado Valente parecía ter desaparecido da circulación.

REACCIONS

Que o accidente de Valdeorras foi un oso duro de roer prás autoridades veuse claramente: o gobernador foise pra aló, suspendendo a súa estancia oficial en Madrid; asistiu ó enterro, mais non falou co alcalde da vila. O bispo de Astorga mandóu ó seu vicario. A xente decía que en calquera acto oficial, por pouco que sexa a obra a inaugurar, os mandamáis que viñan de visita tiñan máis autoridade cós que estaban nos funerais.

Compartindo a dor da xente de Vilamartín e de San Miguel de Outeiro (onde de nove rapaces que alí viven, morreron sete e salváronse os dous que non fan ó grupo), estivo, coma sempre, o pobo, unhas doce mil persoas. Polas trece mortes protestaron todos: a xente da bisbarra e os ourensáns de máis lonxe; os grupos políticos, as organizacións sindicais e as entidades da cultura. Houbo tamén manifestacións, sendo unha delas —a do día 20, na capital ourensá— disolta polas forzas antidisturbios botando enriba dos mozos o autobús no que fan.

Os berros e ós choros sucédennle agora o silencio e máila tristura. Un veciño preguntaba: ¿cántos nenos máis terán de morrer, cuántos pobos terán de quedar sen a ledicia dos nenos?



OS FAMILIARES



O POBO ESTIVO CON ELES

UPG:

A dialéctica da crise

Nacida en Santiago o 25 de xullo de 1964 —a partires de antigos militantes do Partido Comunista de España, do Partido Galeguista, da Federación de Mocidades Galeguistas xunto coa organización de xuventudes do PG e, coma núcleo animador, os membros da ala esquerda do Consello da Mocidade— a Unión do Pobo Galego vai ter en adiante unha vida certamente tumultuosa e chea de grandes bandazos na procura dunha verdadeira orientación ideolóxica ben definida. O certo é que, UPG, xa dende as súas orixes —aínda que declarándose abertamente marxista— non ía deixar de ter certa dose de confusiónismo interno, mistura de distintas tendencias ideolóxicas que constataban certo xeito da pequena burguesía radicalizada.

E a partires de 1971, nembargantes, cando escomenza a medrar unha tendencia encamiñada a se apartar daquel radicalismo pequenoburgués cara á constitución da UPG coma organización do proletariado galego fronte de determinadas posicións «sucursalistas» no movemento obreiro: nace, tamén daquela, a idea de chegar finalmente á constitución da UPG coma do verdadeiro PC de Galicia. Feitos importantes coma os acontecementos do Ferrol en 1972, na empresa Bazán; as loitas de Barreras e Citroen do mesmo ano en Vigo... ían ser decisivas neste contexto. As cousas deste xeito, en maio de 1975 —coincidindo coa campaña de boicot ás eleccións sindicais—, os grupos obreiros que editaban as revistas «Xerme» en A Coruña, «Adiante» en Vigo, «Obradoiro» en Ourense, «Galego» en Santiago, «Ferramenta» en Ferrol... xúntanse pra constituí-lo Sindicato Obreiro Galego (SOG).

Todo parecía indicar que a «líña obreira» no seo da UPG levaba camiño de se consolidar. Nembargantes, chegado o ano 1966 e nacendo por primeira vez posibilidades electorais nalgún senso «democráticas», as cousas cambiarían definitivamente. Logo dos vnos intentos da creación dunha gran Central Sindical do nacionalismo —pra saír das contradicións que, diversas forzas, levaban adiante neste terreo do sindicalismo— e, pra remates, da grave crise resultante no Consello, a nova postura de se plegar ás condicións electorais do Estado español ían dar lugar á máis grave crise no seo da UPG. Acusada de «radicalismo pequenoburgués» unha vez máis por elementos internos á organización e chatada, dende fóra, por expulsados ou antigos membros escindidos, de levar adiante un verdadeiro xiro á dereita socialdemocrática, novas claves ían se plantexar no nacionalismo galego do momento.

FACENDO CAMIÑO

De súpeto, o SOG plántase. A política de saída á luz non lle convén. E a decisión da dirección da UPG de acudir ás eleccións obrígaos a isto. Cecáis fose este tema, as eleccións, o que veu a desencadear na actualidade un proceso de «contestación» ó suposto desviacionismo que, segundo o xa famoso «documento dos dazaséis folios», protagonizaron nos últimos anos os por eles chamados «coronéis» (os actuais diri-

xentes da Unión do Pobo Galego), desviacionismo de dereita, de liña «patriótica» entendida esta como idealismo nacionalista ó xeito da Xeneración Nós. Un dos principais impulsores da converxencia crítica resumía pra TEIMA as acusacións máis graves que lles fan: venderon a UPG ó convertíla nunha estrutura socialdemócrata, traicionaron a súa liña revolucionaria, romperon o Consello sen ofrecer unha alternativa válida e derramaron o bloque nacional-popular.

Facendo camiño de análise temos que escomenzar no pasado mes de agosto, cando a reforma de Suárez anuncia eleccións. A dirección da UPG quere entrar no xogo e a base rexeita a idea. Comenza a contestación interna. E comenzan os documentos. Nunha búsqueda da auténtica persoalidade coa que nacera a organización e sendo conscientes de que na orixe estaba clara a idea de facer da UPG o auténtico partido comunista obreiro de Galicia con programa e estatutos, os agora «críticos dos coronéis» tentan situarse no espacio político que lles corresponde dentro da dinámica nacionalista. Dende aquí levarían adiante unha política de Bloque Nacional Popular que remataría no Frente de Liberación Nacional, «organismo —dise no documento-16— no que se haberían de incluír tódalas organizacións representativas das clases e sectores populares de Galicia e que os comunistas de UPG terían a obriga de dirixir no seu avance hastra a victoria».

Como o Consello de Forzas Políticas Galegas se lles presentaba contradictorio e paradoxicamente sen «forza», pensan na necesidade de forzar definicións e así presionan pra creación dunha Central Sindical, que a dirección de UPG non acepta porque din que sería caer no pluralismo sindical, ó que se lles responde que ese pluralismo xa era real fóra da engranaxe nacionalista. E ven a última gran crise do partido, cando salta expulsado do cumio o que no «documento-16» é nomeado como Pablo, que é agora ún dos que están ó frente da «contestación». Os documentos de crítica sucédense e o que nun primeiro momento se dixo que a expulsión tiña carácter persoal, á fin resultóu ser e así foi recoñecido coma un feito político. Era o mes de novembro do 1976.

Nesta situación hai un intento por autoafirmarse como auténtico Partido Comunista Galego, pero entendéuse coma imposición nun momento en que existía unha fraga na organización que imposibilitaba a

reasunción como tal. A proba disto, din os disconformes, viría deseguida cando a pesares da negativa anterior maioritaria, a dirección decide presentarse ás eleccións como bloque «nacional-popular» coa AN-PG. E tamén cando por medio do «Informe á militancia sobre a situación actual e normas de actuación», rexeitan definitivamente toda posibilidade de organización armada. O que fixo crack no SOG (Sindicato Obreiro Galego) pasóu á UTEG (Unión de Traballadores do ensino galego) e á UTSG (Unión de Traballadores da sanidade galega). Aínda que a dirección de UPG nega este extremo afirmando que non teñen problemas e que todo é unha manobra máis da prensa (11), tamén neste grupo de oposición hai persoas actualmente militantes na organización. A maioría son expulsados ou autoexcluídos no seu día.

TEMPOS PRA REFORMULAR

O 1.º de maio saíran á rúa con «Terra e Tempo», co nome de UPG, considerándose o grupo consolidado que segue a liña marcada dardor do ano 1972 e que vai pola ratificación na posición comunista e independentista. Neste senso, pódese considerar que se trata dunha auténtica escisión de UPG en dous grupos.

Non sabemos cál sería o camiño que elexirían os da actual dirección porque a súa postura é de ignorar públicamente a escisión, pro sí sabemos cál é o proposto polos contestatarios e que resumen os redactores do «documento-16»: a reunión de tódolos comunistas galegos nun Congreso Extraordinario da UPG, concebido en tres partes, coa característica de ser aberto a todo. 1.— Tribunal revolucionario: serían revisados os casos de expulsión e vulgados os actuais dirixentes. 2.— Traballo Político: informe que darán os dirixentes pra ser sometido á crítica, elaboración e aprobación dun Programa comunista á vez que se ratificarán se procedese os actuais estatutos, e finalmente elaboración dunha liña estratéxica de conduta.

3.— Elección de cargos.

Consultadas por TEIMA distintas forzas políticas encuadradas no nacionalismo, respostas que foron feitas a nivel persoal polos encuestados, algúns pensan que o devandito xiro «á dereita» da actual dirección da Unión do Pobo Galego non é tal senón, con moito, unha verdadeira mostra de realismo político axeitado ás actuais circunstancias. En todo caso, pra outros, a política de alianzas e o trato de que foron obxecto outras forzas nacionalistas por parte da UPG conduce, sinxelamente, ó illamento desta en tanto o que se refire á posición de intransixencia coas forzas democráticas actuantes en Galicia. «Comparto a tese —dixo un dos encuestados— de que, esa posición dos «upegallos» da actual dirección, debilita a forza na loita fronte ó capital español e fai máis feble, ademais, a situación do bloque nacionalista».

«Hoxe —recolléu TEIMA doutras fontes— a escisión interna no interior da UPG chegou a un momento decisivo diante das eleccións e o único que se demostra é a existencia de divisións... O que agora se pon de manifesto —engadiron as mesmas fontes— é a necesidade dunha reformulación do campo nacionalista cara ó favorecemento da unidade. Probábelmente, en medio desta crise, haberá tomas de posturas diversas e o froito positivo podería vir antes ou despois das eleccións... Seguramente despois». «En todo caso, o bloque nacional-popular, unha vez reformulado, tería que vir dado pola unidade dos traballadores galegos: labregos, mariñeiros e obreiros xuntos por enriba de todo. Unha política nacionalista coherente ten que partir desta unidade».

Asociacións de veciños:

Impoñé-la legalidade

«Non entendémo-las devolucions sistémicas da documentación das Asociacións de Veciños que piden ser legalizadas cando a meirande parte dos estatutos están calcados doutros que denantes foron aceptados. Os atrancos chegan hastra o punto de devolverlle-los papéis á Asociación de Veciños de Bamio porque Xosé non levaba acento no é; as outras, porque onde poñía Xunta tiña que pór Asamblea ou ó revés».

Hai na provincia pontevedresa unha Coordinadora Provincial que xunta a máis de trinta asociacións de veciños, as máis delas promovidas en Vigo e a súa bisbarra. Deica hoxe, somentes doce desas asociacións recibiron a luz verde da Administración. O último atranco é o dos patronímicos: no Goberno Civil suxírese, cara á legalización, que as Asociacións de Veciños leven tras de si un patronímico a xeito de apelido. Por exemplo, Vigo-Oeste tería que se chamar «Vigo-Oeste-San Telmo» ou «Vigo-Oeste-Castelao», o mesmo lle ten.

«A qué ven isto —pregúntanse os veciños—. De primeiras, a xogada parece clara: trátase de defini-las asociacións mesmo xeográficamente, deixando aberta a posibilidade de constituir outras asociacións no mesmo territorio».

«Compre decatarse da maña porque é importante: ¿Trátase de deixar aberta a porta pra poder crear, sen que legalmente exista problema ningún, asociacións paralelas apoiándose nun cámbio de nome?. Deste xeito,

se a Asociación de Veciños Vigo-Oeste chámase legalmente «Vigo-Oeste-Castelao» sempre existirá a posibilidade de crear a «Vigo-Oeste-Santa Alianza». ¿Trátase disto? ¿Trátase de deixar unha porta aberta á entrada da dereita no movemento cidadán?».

Como feito histórico, as asociacións de veciños foron puladas dende a súa orixe por correntes ideolóxicas progresistas e, as máis das veces, contra do poder constituído —o franquismo— que tentou sempre de lles poñe-lo maior número de atrancos, acusándoas de estaren politizadas.

«Nós non pechámolas portas ó pluralismo ideolóxico, nen moito menos. Mais coidamos que este pluralismo debe producirse dentro das Asociacións. Endexamáis consentiremos un pluralismo de Asociacións que enfrente unhas coas outras. Pluralismo sí, pro todos dentro da mesma Asociación», din os veciños.

Os problemas das actuais asociacións de veciños (acolleitas á lei de 1964) son xa coñecidos: problemas de local, de ilegalidade, de cartos e organización, que malamente se pode levar adiante sen a legalización. Os homes da Coordinación Provincial coidan que unhas asociacións promovidas e puladas dende arriba ou dende a dereita non terían, de seguro, tantos atrancos, e que, xogando co proteccionismo oficial e con moitos máis cartos, tentarían de esmagar ou anular ás xa constituídas».

Así as cousas, as asociacións —máis de trinta na provincia— téñen xa a súa alternativa e así llo dixerón ó secretario do goberno civil que os recibiu cando foron alí a dar conta da súa preocupación polos problemas que veñen padecendo. «Porque non estamos dispostos a aturar tantos atrancos sen senso, a partires de agora actuaremos coma se todos estiveramos legalizados».

Benvido, Xoán Teixeiro

O preso político galego que máis tempo levaba na cadea xa é un home libre. Xoán Teixeiro Conde, de Lugo, 26 anos, deixou o penal de Xaén no serán do pasado día 20, logo de pasar oito polas cadeas do estado. Detido no nadal do 68, foi condenado a 18 anos de cárcere como membro do Frente Unido de Resistencia, grupo responsable da queima de buzóns, autobuses do exército, amáis de dúas aulas da Universidade de San Bernardo, en Madrid.

Fóra do penal, o primeiro que fixo Xoán foi comer cos ollos as novas imaxes da vida que deixara había oito anos: chegado a Madrid, andivo media cidade a pé, dende a estación de Atocha até Moncloa, onde vive a súa familia, gozan-

do da sensación de sentirse un home por riba de toda sospeita.

A liberación de Teixeiro Conde pon de actualidade, outra vez, a situación de moitísimos antifascistas que, formando cativos grupos de afinidade, botáronse ó monte pola súa conta nos anos máis doentes do franquismo. Hoxe, sen apoio popular detrás, os independentes, os anarquistas, os homes do GRAPO, Grupos de Acción Carlista ou «Colectivo Hoz y Martillo» corren o grave risco de seren quen pande co pato da amnistía.

Ribeiro

Se non hai viño, invéntase

A pesares das políticas de «defensa do viño» séguese a comercializar máis do que se produce. Os labregos saben que se non hai viño, *invéntase*, anque eles somentes cobran a uva que se consegue salvar.

A xiada de hai unhas semás fixo moitísimo estrago por tódalas bisbarras de viño galegas —val de Monterré e Valdeorras, no Ribeiro mesmo, nas ribeiras do Miño e do Sil, no Rosal (xa no sur da provincia pontevedresa), no Condado e no Salnés. O comité executivo da COSA —Cámara Oficial Sindical Agraria— falóu de 1.200 millóns de pesetas de perdas na provincia de Ourense e pedíu a declaración de zona catastrófica nas principais bisbarras. No sur da provincia pontevedresa danse cifras entre douscentos e cincocentas de millóns de pesetas en perdas.

Mentres que os labregos, por non teren uvas, van quedar sen cartos, intermediarios e almacéns serán os grandes beneficiarios desta situación. «Outra vez volverán os camiións con viño de fóra, de León e Zamora, principalmente, pra encheren o que a produción de Ribeiro non pode encher. Os labregos perdemos, os comerciantes, non. E isto pasa tódolos anos».

A FEIRA

Mentres os cosecheiros andan negros por culpa da xiada, o señor García Casanovas, presidente da XIV Feira do viño do Ribeiro, non para pra ter todo a punto pró día 28 deste mes de abril, data na que se inaugurará o certame deste ano.

«A Feira quere dar a coñece-lo noso viño, e nada máis. Os que a critican e din que é unha trangallada da dereita non teñen nada que ver co viño». O señor Casanovas engade que «a Feira endexamáis foi nin de dereitas nin de esquerdas, senon das dúas partes. O viño bébeno o mesmo os comunistas cós do bunker».

Cando se lle dixo que o ano pasado viñera da-lo pregón Fraga Iribarne e que pra esta vez escollérase como pegoiro a outro prohome de Alianza Popular, Licinio de la Fuente, o presidente dixo que esta designación ven cubri-la honra que Ribadavia tiña pendente co ex-ministro do Traballo. «Licinio de la Fuente construíu eiquí un extraordinario ambulatorio da Seguridade Social, deulle á Cooperativa do Ribeiro un préstamo de 60 millóns con cargo ó fondo nacional e tamén anunciou, na mesma cooperativa, a creación da Seguridade Social Agraria, que foi do máis importante prós labregos de eiquí».

Unha homenaxe a Castelao

TEIMA trata de servir de canle prá organización dunha homenaxe a Castelao no 27 cabodano do seu pasamento. Téntase que sexan os propios lectores —e non lectores— quen elixan unha comisión organizadora composta por cinco membros e decidan, aportando suxerencias, o xeito de homenaxe que coiden máis efectivo. Durante un prazo de dous meses, TEIMA publicará semanalmente boletíns de voto coma o que se adxunta. Utilíceo, se fai favor.

COMISION ORGANIZADORA DO HOMENAXE A CASTELAO

Desexaría que estivera formada polos seguintes señores:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____
- 5 _____

XEITO DE HOMENAXE

Entendo que o millor xeito de homenaxear a Castelao é:

- Erguerlle un moimento
 Outros (especificar)

NOME: _____

DIRECCION: _____



«A Caixa de Vigo» é a primeira entidade de creto e aforro na provincia de Pontevedra

PALACIOS-VIGO



E, SI SE PARA A PENSALO,
NON E NINGUNHA SORPRESA PORQUE...



Ten **MAIS**
contas de aforro:
670.000
imponentes

Custodia **MAIS**
depósitos de aforro:
33.000
millóns


Concede **MAIS**
cretos e inversións:
32.000
millóns

Sostén **MAIS**
obras sociáis, con
250 millóns
de custo anual



Caja de Ahorro Municipal de Vigo

Autorizado por el B. de E. en 24/2/1977



A NOSA LINGUA

En defensa da «geada»

CHARO ALVAREZ-FRANCISCO F. REI

¿Cándo a «geada» deixará de ser atacada e desprezada por antigaleguistas e galeguistas? Este fenómeno fonético, que afecta a unhas 3/4 partes dos nosos falantes, prós antigaleguistas é un **vicio**, que compre facer desaparecer, mentres prá xeneralidade dos galeguistas é algo **vulgar** demáis, que non casa ben nese galego culto que falan (ou que aspiran a falar)

Denomínase «geada» a pronuncia do *g* como unha aspirada semellante ó *h* do inglés ou do alemán, e non tanto ó *j* castelán. Son casos de «geada» as formas *hato* (ou *jato*), *Santiaho* (ou *Santiajo*) e *creho* (ou *crejo*) en vez de *gato*, *Santiago* e *crego*.

Segundo enquisas feitas recentemente polo I.L.G., con vistas á elaboración do Atlas Lingüístico Galego, a zona de «geada» comprende as provincias da Coruña e Pontevedra, en toda a súa totalidade; ben máis da metade da de Ourense e máis dun tercio da de Lugo. No galego exterior rexistróuse moi pouco.

En Ourense unha zona moi poboada como é o Valdeorras, non ten «geada»; por en lugares desta bisbarrá o *g* é algo aspirado — característica da que o falante non é consciente —, pro sen chegar nunca á aspiración que se ouve no Ribeiro ourensán ou no Val de Soneira coruñés, por poñermos uns exemplos.

ANTIGEADA NA CASA E NA ESCOLA

A provincia de Lugo é hoxe a que menos «geada» ten, pro o feito de achárense na zona sen «geada» restos dela, en xente de idade, e estaren eses restos formando áreas discontinuas, fainos pensar que practicamente en todo Lugo debéu darse a aspiración do *g*. Máis dun lucense tenos falado da represión que sobre a «geada» lles impuxeron, primeiro os seus propios pais —falaban con «geada», pro querían que o galego dos seus fillos non a tivera— e logo, na escola, os mestres.

Na posguerra, o antigaleguismo de moitos mestres fixo que se levara a cabo unha especie de cruzada contra a «geada», considerada coma un **vicio** que tiña de se desterrar. E a xuzgar polo que di Santamaría Sande, estudiosa do tema en Lugo, nesta provincia esa cruzada acadou bos froitos: «notóuse unha tendencia clara e *lóxica* por parte dos mestres rurais de loitaren contra o fenómeno por conseguir desterrarlo das súas zonas, dándose a circunstancia de que algún dos consultados, nas súas conversas, ase-

gurou de forma rotunda a desaparición da geada do seu territorio escolar, gracias ó traballo emprendido entre os pícaros, co que se acadou que os mozos non a empreguen na mor parte das veces, e só se conserva entre xente de idade madura, que asistiu á mesma escola, pro con anterioridade á data en que tal mestre foi designado á mesma» (traducimos do orixinal en castelán, os subraizados son nosos).

ANTIGEADA DA NOSA INTELLECTUALIDADE

F. Mirás, autor da primeira gramática galega, escribe con «geada» (reflexa a fala de Santiago). Pro os gramáticos e lingüistas que víñeron despois, quen máis e quen menos, rexéitaa: pra algún é unha pronuncia defectuosa; pra outros, un vulgarismo. Pró gramático e grande lexicógrafo M. Valladares «as *geadas* son un defecto da xente idiota... e, sendo un defecto, un abuso de simple pronuncia, o mesmo que o decir *berse*, *Vidente*, *sentro*... en ningunha gramática, en ningún vocabulario poden incluírse e deslustran a, por outra parte, interesante obra do Sr. Mirás» (traducimos do prólogo do seu *Diccionario gallego-castellano*, Santiago, 1884).

Prá nosa intelectualidade —de onte e de hoxe—, o ideal da lingua galega parece estar no castelán e non na realidade idiomática, e de ahí que anden á percura dun galego culto no que os vulgarismos non tén cabida: como a «geada» (e o seseo) son vulgares demáis, rexéitanse da fala culta. Nótese que este mesmo criterio foi o que serviu pra que tantísimos galegos rexéitasen o conxunto da súa lingua, «cousa de paletos» ó cabo, pra pasaren a unha lingua allea.

No 1969, decía X. Alonso Montero en *O que compre saber da lingua galega* que «os escritores —prácticamente todos— que rexéitan a «geada» e o seseo no fondo aceptan un **criterio idiomático desgaleguizante**. Eles creen fuxir só da rudeza e resulta que *fuxen do galego* (páx. 39) «... todos nós temos rexéitado, casi sistemáticamente, o seseo e mála «geada» por

un criterio, coido eu, **castelanizante**, ó fin i ó cabo un **criterio antigaleguista**, ou **seña, antipopulista**» (páx. 40) «... «geada» («jato» por «gato») ocupa unha vasta zona de Galicia na que adprenderon a falar poetas tan decisivos prá constitución do galego literario como Rosalía, Curros, Pondal e Lamas Carvajal. Mais ningún deles a admitiu na súa obra escrita. O rasgo sintese como **vulgar** pero este sentimento, recalco, está feito **dende o castelán**» (páx. 41) (os subraizados son nosos).

O desprecio da «geada» pola nosa intelectualidade vese, pois, que ven de moi atrás. Hoxenda, un cento e pico de anos despois de que as nosas letras agromaran de novo, a ausencia de «geada» segue a ser norma pra quen quere falar nun galego culto; e isto, ¿hastra cándo? Pra ninguén é un secreto que moitos dos voceiros da nosa cultura tiveron o castelán como lingua materna e que o seu galego foi aprendido máis adiante, un galego que nalgúns parece máis de libro ca de ouvílo falar á xente (nos libros non hai «geada»; e se a hai, é xeralmente pra atacala). Con todo, o que máis mágoa dá é vermos cómo xente que sí mamou un galego con «geada», chega a abandonala cando acadada uns coñecementos de galego común, da nosa cultura; cando ouvíu algunha vez falar a algún dos nosos voceiros no seu galego sen «geada» de ningún tipo. Xeralmente esa xente tende a reprimila, e mesmo con quen a emprega decote, o que pode facer que este ouvinte rexeite aínda máis esa **viciosa** pronuncia do *g* e vexa unha vez máis que pra falar ben a lingua do país compre ir tirando ese atranco que son as «geadas».

GEADA, RASGO INNOVADOR DO GALEGO

A «geada» non é ningún vicio; é un fenómeno innovador que se deu na nosa lingua, que non existe nas demáis linguas derivadas do latín —aga nalgúns dialectos italianos, pro a orixe é distinta— e nen siquera na lingua irmá de alén Miño. Na aparición da nosa «geada» non influíu pra nada

o *j* dos casteláns: é unha aspirada xeralmente que, en algures, pasou a un son semellante ó *j* castelán —é o caso de Cambados ou do Grove—, pro este influxo da lingua de Castela é posterior.

Hai que lle devolve-la dignidade a este rasgo de noso, que nos diferencia do castelán. Quen a teña no seu sistema, que intente non reprimila en público. Hai que lle facer ver a quen a emprega a cotío, e tamén a quen non a ten, que esa aspiración é un son tan digno coma o *g* dos casteláns. O galego foi, e pra moitos segue a ser, signo de rusticidade e incultura; e se por enriba é un galego con «geada», esas connotacións despectivas agrávanse.

E o que resulta curioso é comprobarmos que a evolución *g* a *h*, que se deu plenamente en galego, está a se dar no castelán dalgunhas zonas hoxenda. A. Ribalta, en 1910, no *Libro da Konsagrazion. Feixe de poesías gallegas*, salienta a existencia de *geadas* no castelano popular falado polos *chulos* de Madrid: *ke ghuaa*, *no seah ghorila*, etc. (páx. 154). Este autor é un dos poucos defensores da «geada»; di que se arredou dos eruditos e que pasou ó partido popular, «a o da xente, anke o señor Valladares lle chame idiota. Eu kreo keas *geadas* non son kun defecto, un simple abuso de pronuncia» (páx. 151).

A nivel de escrita non haberá problema: o grafema *g*, que cadaquén ó lea cos seus hábitos fonéticos, como de feito fan os nosos paisanos.

GEADA, ¿NORMA CULTA ALGUN DIA?

Que ninguén nos interprete mal. O escribirmos este artigo non foi pra pedir que de agora en diante se admita como normativa nun galego común a «geada», anque non nos molestaría que se chegara a isto. Como dixemos máis arriba, o noso obxectivo era que dunha vez deixe de ser atacada e desprezada na casa, na escola, nos medios da cultura.

¿Ainda vai seguir sendo considerada vulgar e dialectal un fenómeno que afecta a *máis dos 3/4 dos falantes galegos*? ¿Non será millor dicir que o dialectal é a non «geada»? ¿Cándo moitos dos nosos falantes *cultos* van deixar de botar un sorrisiño ó ouviren falar con «geadas»?

Se moitos galeguistas ven que o *x* é algo de noso, algo que nos diferencia do castelán e que meten a miúdo por diferencialismo (e por iso pasan tan axiña do castelán *tajada*, *pareja* ou *conejo* a *taxada*, *parexa* e *conexo*, e non a *tallada*, *parella*, *coello*, que é como se di en galego), ¿por qué non botan man da «geada», algo tan de noso, como rasgo diferencialista?

Parécemos ben que a xente instruída, e máilas Academias e Institutos encamiñan a lingua, pro non son máis ca un atranco se o fan dende criterios idiomáticos alleos á mesma.

SEXUALIDADE

A esterilización, como anticonceptivo

Dr. CIPRIANO L. JIMENEZ

A esterilización» tanto no home coma na muller, é considerada un método permanente ou irreversible de contracepción. A esterilización non intefire nin o placer nin as actividades sexuais.

O problema capital que plantea a esterilización a nivel ético é o seguinte: ¿apoiándose nos dereitos humanos, poden os homes ou mulleres decidir - la súa propia esterilización, por razóns que non sexan a protección da súa saúde?. Este dereito, xa está recoñecido en moitos países, sempre e cando se cumplan unha serie de condicións, tais coma: 1) idade do individuo, 2) situación matrimonial, 3) consentimento do home ou muller se se trata dunha parella e 4) a petición por escrito, estará sometida a un prazo de tempo hastra o día da operación. Non embargantes, noutros países (p. ex. España), a esterilización quirúrxica é un delito penal, se non se practica por razóns estritamente médicas.

A problemática que plantexa a «esterilización voluntaria» foi abordada pola Organización Mundial da Saúde, nos seus protocolos da Segunda Conferencia Internacional en Xenebra no ano 1973. As normas éticas da O.M.S. consisten: 1) Disposicións de aplicación xeral: calquera individuo, home ou muller, ten dereito a decidir voluntariamente unha esterilización definitiva, e os poderes públicos teñen a obriga de suministrarlos servizos axeitados pra esta finalidade, se se cumpren as seguintes condicións: 1) o interesado, sexa maior de idade, e aporte a proba do seu consentimento voluntario, 2) cando o interesado / a teñan a información completa, da parte dunha persona competente, sobor das consencuencias inmediatas e posibles, así coma probables e a longo prazo, 3) se o interesado / a é membro dun grupo étnico relixioso ou filosófico determinado, deberá te - la posibilidade de recibir - las informacións do punto 2, dun representante de calquera dos grupos ós que pertence. No apartado II) fálase das disposicións aplicables a persoas incapacitadas xurídicamente. Se os país, tutores ou médico dunha persona incapacitada, consideran a necesi-

idade dunha «esterilización» (porque as medidas temporais resulten insuficientes), unha comisión debidamente nomeada pola

monio ou divorcio, no referente ó consentimento do esposo/a. No apartado V) fálase da inadmisibilidade de calquer acción xurídica

contra ela, nin siquera se pode dispor arbitrariamente do propio corpo, se supón unha diminución permanente ou grave da súa inte-



autoridade competente, despois dun profundo exame, pode acceder ó solicitado. A comisión incluíra a unha ou varias persoas do grupo étnico, relixioso ou filosófico, ó cal pertencera a persoa que plantexa a solicitude.

No apartado III) que fala de recusación, dise que a lei non poderá obrigar a ninguén a tomar parte nunha esterilización voluntaria, pro o individuo que se negue a tomar parte, deberá indicar ó interesado / a que outra persoa ou estamento poden encargarse da operación. En calquera caso os establecementos do sector público (Seguridade Social), terían a obriga de realizar este acto ó serlle solicitado. No a partado IV(relativo ó mantemento da lexislación sobor do matrimonio e divorcio, dise que ningunha disposición da presente norma ou lei, modificará as leis encol do matri-

se a esterilización voluntaria se practicou de acordo coa lei, da maneira seguinte: ningún médico, ningunha outra persoa nin establecemento sanitario, poderá considerarse civil ou penalmente responsábel dunha intervención quirúrxica practicada conforme ás disposicións da presente lei.

Nalgúns países, é posíbel esterilizar a un home ou muller que sufran de retraso mental grave ou enfermidade mental por motivos «eusenésicos», ou porque se considera que son incapaces de atender debidamente ó seu fillo. Non embargantes, pode ser necesario o consentimento do tutor legal. Noutros países, esta intervención, considérase un atentado criminal ós dereitos do home.

No Estado Español, entre os bens protexidos xurídicamente, figura o da integridade corporal. Deste feito, ninguén pode atentar

gridade física ou psíquica, ou das súas funcións tanto a nivel individual coma social.

O artigo 418 do Código Penal Español, di textualmente: «o que de propósito castrara ou esterilizar a outro será castigado coa pena de reclusión menor». No artigo 419 di: «calquera outra mutilación de órgano ou membro principal, executada de propósito, será castigada coa pena de reclusión menor».

No próximo número de TEIMA, falaremos de cómo se poden interpretar estes artigos así coma do seu alcance e das ventaxas e inconvenientes da esterilización masculina, tamén chamada «VASECTOMIA».

Perto física e politicamente, anque lonxano no coñecemento, Portugal foi deica hai tres anos pouco máis ca un pequeno país calado e silencioso —silenciado— que nos limitaba polo sur ós galegos. O 25 de abril de 1974 supuxo a creba con cáseque medio século de dictadura e o nacemento dun proceso revolucionario de importancia non suficientemente coñecida e valorada por estes lares. O traballo que segue, redactado na súa totalidade por XOSE FORTES BOUZAN, contribuirá cecáis a clarexar moitas das dúbidas que aínda suscita a revolución portuguesa.

O señor Fortes, recoñecido especialista en temas militares —é coautor dun libro, hoxe secuestrado, encol das Forzas Armadas— viviu dende os primeiros momentos o proceso político-militar no veciño país. El mesmo foi, hastra a súa expulsión a raíz da causa seguida contra presuntos integrantes da Unión Militar Democrática, membro do Exército Español, co grado de capitán.

O 25 de Abril foi o illó por onde esbouraron as contradicións que fixo xurdir no aparello militar un réxime que estaba abafando a un pobo. De feito e a pesares da represión de 50 anos de fascismo, a ansia de liberdade mantíñase viva, anque feble, no farol da clandestinidade, aló polas catacumbas. Pro foi nos últimos anos cando a corrupción e a incapacidade do réxime se fixeron máis visibéis, ó tempo que significativos sectores sociais nos que se pousaba —capital, Igrexa, Exército— íanse trocando de aliados firmes en inimigos pouco seguros. Compre non esquece-la candidatura de Humberto Delgado e unha morea de conxuras frustradas nas que andiveron metidos algúns dos homes do M.F.A.

Mais dende o punto de vista militar, foi a guerra colonial o sintonizador dunha toma de conciencia que máis ou menos directamente ven estoupar no 25 de abril. A guerra colonial non tiña saída militar, o que xa tiña visto a dereita militar máis civilizada, pro sobor de todo foise vendo cada vez máis claramente na súa crúa realidade. Non sóio como unha explotación inxustificábel rexeitada internacionalmente e dentro do mesmo Portugal, senón contraria ós intereses do pobo portugués. A toma de conciencia chegoulles ós militares polo dobre camiño da frustración profesional, imposibilidade da victoria e perda do prestixio da institución militar (decreto 353/73 de 13 de xullo), e do descontento popular que cada ano invadía o exército coa saída dos quintos. Tiñan que cumprir unha misión cada vez máis imposible e máis contestada, e contra un enemigo cada vez máis comprendido, admirado. Foi neste intre cando caíron na conta de que eles tiñan o poder efectivo: as contradicións e a toma de conciencia botaron a anda-lo «Movemento dos Capitáns» máis tarde MFA e á fin floreceron no 25 de abril, unha alborada de liberdade, un biruxe de xuventude nun mundo de tristura, vellez e represión.

Máis o brillo e aínda a estética do 25 de abril non debe facer esquece-lo que tiña de risco, cáseque de imposibilidade pra uns oficiáis que non coñeceran outro réxime. De feito o vello prusianismo dos «reumáticos» sóio podía ser asaltado pola imaxinación, intelixencia e xuventude de que deron mostra os capitáns e tamén pola coraxe. Os caravéis precisaron de moitos días de esforzo, moitas noites de vela, cheas de risco, pra florecer.

Pra Portugal empezaba un novo xeito de convivencia, empezaba a liberdade. Prás colonias a independencia, a fin dunha guerra longa e de custos sociais inimaxinabeis.

Portugal: 1974-1977

O 25 de abril: orixe e significación

Pró mundo unha nova imaxe de golpe militar, o revés da medalla chilena, unha esperanza prós países oprimidos, un exemplo que pode callar noutros lugares. Os militares de todo o mundo non poden esquecer á lixeira, a imaxe da popularidade acadada polo exército portugués o 25 de abril. Frente ó vello e inútil prusianismo a imaxi-

nación da xuventude, frente ó ódio e ó illamento a ósmosis e a popularidade a fin e estéticamente, frente ó rostro sanguiniento dos golpes reaccionarios a revolución sen sangue. A imaxe quedou fixada nuns fusís, dos que safan caravéis, o único roxo dunha revolución cara á vida e á esperanza, ou como diría Alberti «entre o caravel e a espada».



A xénese do 25 de abril

A caída do réxime salazarista foi o resultado dun golpe que, anque definitivo, non era o primeiro. O fracaso e a represión foron os resultados das tentativas feitas moitos anos antes de 1974. Cecáis a primeira sexa a revolta de Madeira nos anos 1931-32, un colapso da vella democracia vencida.

Nos anos 1944 e 45, e ó amparo da derrota dos réximes fascistas na 2.ª guerra mundial, artéllase o «Movimento de Unidade Nacional Antifascista» (MUNAF), coa intención de acadalo ideal democrático. Mallos políticos da oposición vencellados ó MUNAF non conseguen outra cousa que espallar un programa de goberno provisorio.

Desfeito o MUNAF, e artellado polo PCP, xorde o «Movimento de Unidade Democrática» (MUD), especialmente representado na Universidade e no que aparecen figuras como Mario Soares, Salgado Zenha e Octavio Pato. A súa actuación máis sonada é a recolleita de 200.000 firmas pedindo eleccións libres en Portugal. No ano 47 son detidos tódolos membros da Comisión Central, o que significa o seu desmembramento, consumado no ano 1951. Neste ano aparecen outros dous movementos: o «M. Nacional Democrático» (MND) vencellado ó PCP, e o «Directorio Democrático Social» (DDS). A inoperatividade destes movementos contra o aparello fascista empeza a facerse manifesta nestes anos, nos que fracasan tamén os intentos de raptar a Salazar (1948-52 e 53) e de crear un ambiente de rechazo social ó Réxime por medio de folgas xeralizadas.

Cun pobo desarmado, un réxime de forte aparello represivo, e sen unha oposición que consiga unificar ós opositoristas, empeza a cala-la idea da necesidade de buscar outro vello pra arrumbar ou ó menos facer evolucionar ó réxime. «Sóio un golpe militar pode acabar coa ditadura» e os homes da oposición dirixen a vista ó exército, que xa intentara un golpe en 1947 coa chamada «revolta de Mealhada». O comandante Queiroga, cunha ducia de oficiais e forzas de Cabalería N.º 6 de Porto tentan sen éxito a marcha contra Lisboa.

Os resultados desta nova estratexia das forzas de oposición son o «Movimento Militar Independente», que organiza o golpe do 12 de marzo de 1959, e a conspiración do ministro do Exército, Botelho Moniz, en abril de 1961, motivada xa pola crise que plantexa a guerra colonial. O primeiro xorde como colofón da campaña electoral de Humberto Delgado. En efecto, nos últimos anos do mandato de Craveiro Lopes (1951-58) acentúase a sensación de esgotamento do réxime e a reacción contra a ditadura. O mesmo Craveiro empeza a resultar sospeitoso pra Salazar, que o substitúe prás eleccións do 58 polo candidato Américo Thomás. Neste ambiente chega a Portugal despóis dunha longa estancia en Estados Unidos e Canadá o xeneral Humberto Del-

gado («o xeneral sen medo»), decididamente convertido á democracia. A oposición, consciente da súa fraqueza e da importancia do Exército, pon en práctica un vello proxecto de Galvão, nomeado candidato único da oposición. Proxecto ó que se adhire finalmente o PCP (pacto de Cacilhas). A campaña alcanza un dinamismo e popularidade fulgurante. En tanto, un grupo de oficiais tiñan contactado con Humberto Delgado pra levar a remate un golpe durante a campaña electoral. Mais Humberto Delgado, entusiasmado pola reacción popular e convencido da imposibilidade de falsificar as eleccións no clima de insurrección creado durante a campaña pola oposición, subestima a importancia do golpe militar.

O 8 de xuño foron as eleccións e o réxime roubou unha victoria á oposición que pra ninguén ofrecía a menor dúbida. E detido o presidente da candidatura (Vieira Almeida) e os oficiais simpatizantes son trasladados. De nada valen as apelacións de Humberto Delgado ante Craveiro Lopes, nin ante os xenerais xefes dos E.M. e do presidente do Tribunal Supremo ós que pide que teñan vergoña da acusación pública feita ás FAS de seren «a guardia pretoriana do Réxime». A única contestación é a apertura dun proceso disciplinario dirixido por Kaulza de Arriaga, a figura máis destacada da fracción *ultra* do Exército. A PIDE empeza a prender ós compañeiros de Delgado, que mentres tanto é degradado, e pola súa condición de civil faise branco tamén da PIDE, da que se salva buscando «asil político» na embaixada do Brasil. Salazar pasa polos momentos máis críticos da súa vida e o país estivo a punto do golpe de estado por reacción popular. Os presidentes xa non volverán a ser elixidos por sufraxio universal.

O GOLPE DO 12 DE MARZO DO 59

E neste ambiente de insurrección e descrédito do réxime cando o «Movimento Militar Independente» tenta o golpe do 12 de marzo. Nel toman parte un grupo de maiores e capitáns (entre os que anda Vasco Gonçalves), coordinados con comandos civís organizados por M. Serra. O golpe estaba baseado na sorpresa, pra impedí-la acción das unidades do Dispositivo de Seguranza, e en moitos aspectos recorda as típicas

conxuras do século XIX. Hastra chegan a firmar un documento vencellante: «...juramos pela nossa honra cumprir a missao que nos for distribuida, lutando pra isso até ao sacrificio da vida ou da liberdade e guardando segredo absoluto de tudo quanto ao Movimento se refere».

O programa abrangue a liberación da ditadura, a toma do poder por unha xunta militar que nomeará un goberno provisorio, a garantía de tódalas liberdades fundamentais do home sen restricións, a extinción da policía política, a amnistía pra tódolos presos políticos e a institución dun réxime constitucional de acordo coa vontade do pobo. Como vemos, puntos básicos que herdará o 25 de abril.

O golpe, nembargantes fracasa pesa organización, anque inxenua ben planificada, e pese a ter nomeado un gabinete político de figuras destacadas da oposición. Cando xa estaba en marcha chegaron noticias ó cuartel xeral do movemento de que as unidades estaban en «alerta» e Salazar cos seus ministros no cuartel do Carmo. De xeito cáseque pintoresco conseguíuse parar. M. Serra é preso no mesmo día, maillo goberno non se decata da participación militar hastra días máis tarde ó le-lo relatorio de feito dalgunhas unidades. Cos datos que máis tarde —algúns, inda hoxe— se coñeceron, sábese que a pesares de todo, o golpe estivo a piques de acabar co réxime. Nin a PIDE nin o goberno sabían o que se tramaba. Un retraso nunha alerta de última hora —cáseque casual— e o golpe tería lugar.

Na análise do fracaso, independentemente da casuística, cítanse algunhas causas a ter en conta: burocratismo e indecisión da oficialidade (motivo que non se daría no 74 pola experiencia da guerra colonial); ser máis ca unha revolución unha rebelión moral, ou sexa, con principios máis éticos ca revolucionarios; falla de sensibilización na oficialidade pra facer saltar un aparello que, inda controlado por xefes medio-cres e corruptos, ten certa eficacia.

A CONSPIRACION DE ABRIL DO 61

O comenzo dunha guerra colonial en catro continentes —«unha misión suici-

da da que non seremos capaces de saír»— a reacción das Forzas Armadas pola persecución dos militares implicados no golpe do 12 de marzo (Salazar era ó fin un civil), e cecáis o impacto da carta de Humberto Delgado ós xenerais, foron os elementos que decidiron ós xefes militares, encabezados polo ministro do Exército Botelho Moniz a dar un golpe de Estado. E unha tentativa da cúpula militar, alarmada pola situación insosteníbel das Forzas Armadas, última forza pra impedir que o país caia no caos, divididas en torno á guerra colonial, anque tamén se fala de «valores políticos gastados e en moitos casos sen idoneidade moral», do illamento internacional do país, do reforzo da unidade nacional «nun vasto campo de entendemento á marxe de razóns ruíns» e en definitiva dunha profunda «mutación de persoas e métodos».

O programa, o plan, e o desenrolo da tentativa non ten semellanza co 25 de abril, mais é indicativo da preocupación da xerarquía polo estado moral das FAS e da incapacidade do réxime. Por outra banda enfrenta dúas correntes ideolóxicas do Consello Superior de Defensa que van chegar hastra o 25 de abril: o grupo ultra capitaneado por Kaulza de Arriaga e o partidario das reformas inevitables no que se atopa Costa Gomes, e aparece a guerra colonial como factor sensibilizante de actitudes. Non é lugar pra conta-lo desenrolo desta conxura palatina. Abonda con dicir que Américo Thomás, tentado polos xenerais, aposta por Salazar, e que Kaulza dá mostra dunha capacidade policial e maquiavélica desusada entre os xenerais ultras. Tamén que nunha conspiración xerárquica, a xerarquía establecida ten moitas ventaxas (Salazar tirou moito partido no momento máis difícil da crise cos decretos de destitución dos ministros conxurados).

Non quedaba dúbida de que as FAS estaban cansas de sustentar ó Estado Novo, e Salazar coídoúse de se exceder nas medidas correctivas. Moitos conxurados seguen mantendo contacto e o seu status militar, e co tempo, Caetano, que non ve salda prá teses ultras de Kaulza, chamará a Costa Gomes prá Xefatura do Estado Maior Xeral das FAS.

O SPINOLISMO

Entrando xa na xénese do 25 de abril, hai quen ten en conta ó movemento desenvolto arredor da figura de Spínola durante a súa estancia en Guinea, que reforza a cohesión entre os oficiais contrarios ás teses ultras de Kaulza. Spínola, xa en tempos de Caetano (1968) pon en marcha a chamada «primavera política» en Guinea e chega a acusar ós ultras de suicidas e irresponsables. A política dá bos resultados e aumenta o seu prestixio entre a oficialidade, cada vez máis chea de milicianos.



Por unha banda, a actitude realista e máis reflexiva conciencia ós oficiáis que se enfrentan ós problemas sen os vellos complexos (Otel, por exemplo, tomou contacto coa ideoloxía revolucionaria do PAIGC dende a súa misión en «acción psicolóxica») e moitos, xa entón, escomenzan a pensar que a única saída do fascismo era un golpe militar. Pro a política de Spínola pasa por Lisboa, onde está Kaulza, e con esta limitación non son posibles máis ca pequenos resultados. Spínola politízase e tenta substituír a A. Thomás na presidencia, mais este xa non é con Caetano o xogueto que fora con Salazar.

O cabo consegue, con Costa Gomes, facerse con postos clave do Estado Maior das FAS sen deixar de manter contacto cos capitáns. Da cabalo do reformismo e da ruptura, Spínola contacta con importantes sectores do capital ós que o réxime xa estorbaba e, ó mesmo tempo, preocupábase de mante-la imaxe diante dos capitáns. Primeiro co explosivo discurso da toma de posesión (15-I-73) «as FAS non son a garda pretoriana do réxime» —frase tomada de Humberto Delgado— e «a disciplina non implica obediencia cega senón identificación de xefes e subordinados cos valores morais da nación, ou sexa, do pobo». Máis tarde, coa publicación do libro «Portugal e o Futuro», que lle costa o cargo.

O movemento de oficiáis de Guinea manténse ligado a Spínola hastra o 25 de abril, ó que chega circuído ó «Movemento dos Capitáns» que xorde coa protesta contra do decreto 353/73 que viña a acabar co prestixio do QP (cuadro permanente) e reducía a Academia a un «centro profesional acelerado que servía pra fabricar capataces de guerra». A guerra colonial está, pois, nas mesmas raíces do 25 de abril, no spínolismo e no Movemento dos Capitáns; no descubrimento dos intereses coloniais dunhas poucas familias, ás que non lles importa o sacrificio do exército e da xuventude portuguesa, sacrificio que fai máis acusada a inutilidade dun Estado Maior inútil de por sí e a existencia duns xeneráis que somentes teñen por mérito seren adictos ó réxime.

O MOVIMENTO DOS CAPITANS

O 13 de xuño de 1973, o Ministerio do Exército publica o decreto 353/73 polo que os oficiáis milicianos pasan ós cadros do exército profesional, que se sente afectado nos seus intereses e prestixio. Días denantes do 1 a 3 de xuño, os oficiáis profesionáís non foran autorizados a tomar parte no Congreso dos Combatentes de Ultramar, celebrado en Porto, polo medo da xerarquía a ter que aturar unha contestación violenta ás súas teses. Catrocentos ofi-

ciáis, ós que se adhíren os de Guinea, suscriben entón un telegrama de protesta, obra de Vasco Lourenço, no que se viña a decir que «non aceptan outros valores nin defenden outros intereses cós da nación» e que «non recoñecen representatividade ó Congreso».

O decreto ven a aglutinar unha corrente de opinión crítica á xerarquía e ó réxime. O mesmo ministro recoñece o erro do decreto e, nun discurso do 14 de agosto, dá a entender que será rectificad.

Con todo, a rectificación non se fai como se agardaba. O 20 de agosto publícase o decreto 409/73 que limita a equivalencia dos milicianos ós grados da oficialidade, non dos xefes, nunha clara manobra de división dos sectores de oposición ó decreto. Os Maiores, de feito, resolto o seu problema, abandonan a acción, pro o novo decreto ven a aumenta-la protesta dos oficiáis.

Así, o 28 de agosto, cincuenta e un oficiáis da Guinea dirixen ó presidente da República, do Consello de Ministros e ó ministro do Exército un escrito no que se recoñecen «feridos no seu prestixio e dignidade... ó ter coñecemento de que, catro anos de Academia, son substituídos por un cursiño de dous semestres de duración». Aínda, só, motivacións profesionáís, cuestións de prestixio, pro a unión da oficialidade é xa un feito xunto a actitudes lateráís ó Regulamento de Disciplina. Nesta actitude, é convocada a xuntanza de Evora do 9 de setembro do 73.

Os capitáns Vasco Lourenço e Dinis de Almeida apáñanse pra artella-la xuntanza con improvisación pro xa con moita eficacia e nivel de organización, que se celebra nunha noite e á que asisten cento trinta e seis capitáns, tenientes e alféreces do Exército e da Forza Aérea. A xuntanza está caracterizada pola axitación e polos fortes debates mais, ó fin, deixan firmado un documento que é entregado a Caetano e pró que se recollen firmas en moitas unidades. Os asistentes deixan, tamén, cada ún cincuenta escudos, primeiro, aunque pequeno, fondo común.

Alarmado pola actividade da oficialidade, o Estado Maior do Exército nomea unha comisión que recolle o sentir dos oficiáis. A comisión presenta un relatorio «honesto e realista» que é contestado co silencio da xerarquía. Co silencio sobre do relatorio, mais tamén con ameazas. O Movemento tenta conseguir audiencia do Presidente da República, é a política dos «pañiños quentes» mais non son recibidos e, finalmente, deciden, literalmente, «mandalo á merda».

O 26 de setembro reúnese o Consello Superior do Exército. Costa Gomes mantén a tese de que os decretos deben ser revisados, pro Caetano asegura que iso é imposible mais que promete a súa boa vontade e pide a Costa Gomes que calme a axitación da oficia-

lidade. Entón, nova reunión do Movemento, esta vez en Lisboa o 2 de outubro onde chegan delegados de tódalas unidades da metrópoli e das colonias coa participación, tamén, de representantes da Mariña e da Forza Aérea. E toda unha proba de organización. Resólvese pedi-la dimisión colectiva do exército se non se revocan os decretos e unha Comisión Coordinadora é a encargada de recolle-las dimisións individuais.

Xorden, nese intre, documentos dos sarxentos do Exército e da Forza Aérea nos que se fala xa do seu abandono e da «falta de libertades de expresión do pensamento e reunións». O Exército, entón, cae na conta de que non é somentes a oficialidade, tamén hai sarxentos, cabos e soldados... As cousas deste xeito, o ministro (12 de outubro) nomea unha comisión pra estudar individualmente as situacións provocadas pola aplicación dos decretos. Medida inútil e tardía: os oficiáis mostran, cada vez máis abertamente, o seu desprecio pola xerarquía, aumentando así as situacións de tensión.

23 de outubro: o Movemento espalla unha circular na que fai historia do proceso desenrolado e outra, interesante, a cargo dos oficiáis da Guinea. O Movemento xa está, sen dúbidas de ningún tipo, contra do réxime e varias figuras militares xúntanse a el, entre elas Vasco Gonçalves. Nembargantes, o Goberno segue a pensar que o que ten que facer é senta-la man a «este fato de rapaces». A primeiros de novembro, logo, nova xuntanza do Movemento: a Comisión Coordinadora está dividida sobor da liña a seguir. Unha, legalista; outra, de forza. Otel, naqueles momentos chegado de Guinea, incorpórase á Comisión.

SAN PEDRO DE ESTORIL 24 DE NOVEMBRO

O comandante do batallón que esperaba ser embarcado prás colonias, Ataíde Benazol, rexeita a «guerra de papéis» e propón como solución «o golpe». A simpleza e realismo da argumentación fai o efecto dunha bomba. Propónse unha nova reunión pró primeiro de nadal en Obidos, pra debatir (e aprobar, no seu caso) tres hipóteses: a) golpe; b) liña legalista; c) intermedia que viña se-la liña legalista reforzada pola decisión de ir ó golpe no caso de non ter resposta.

En Obidos, votouse a proposta c), polo peso dos votos «representados», xa que entre os presentes ten maioría a hipótese a). De calquera xeito, propónse contactar con posibles «xefes», tendo maioría de votos Costa Gomes seguido a pouca distancia por Spínola. O Movemento dos Capitáns non é spínolista.

Escolleuse tamén a Comisión Coor-

dinadora definitiva. Compóñena 19 oficiáis e xefes, entre os que están Vasco Gonçalvez, Melo Antunes, Vasco Lourenço e Víctor Alves. A comisión decide xuntarse con Benazol pra estudar o plan do golpe. Benazol é mandado urxentemente pra Guinea, por orde do ministro.

A Comisión Coordinadora escolle unha dirección (Vasco Lourenço, Otel e Alves) e artella outras comisións —situación, enlace, secretariado—. O Movemento ten unha estrutura. O 25 de abril é posíbel.

Días antes do nadal ten lugar a tentativa de golpe ultra de Kaulza de Arriaga, que sondea ós capitáns pra un golpe contra o goberno reformista de Caetano. Os capitáns gañan tempo e avisan a Costa Gomes e Spínola (sentenciados á eliminación física) do perigo. Feito isto estoupou a conxura. Os autores son Vasco Lourenço e o maior Carlos Fabiao, xefe de curso no «Instituto de Altos Estudos Militares». Como tal xefe de curso pide licencia ó profesor pra dar un aviso ó comenzo da clase. Denuncia a conxura, dá nomes dos xefes e remata decindo que Costa Gomes e Spínola ían ser eliminados. Máis de cen oficiáis espállanse coa nova polas unidades. O golpe é abortado. O «Movemento» xa foi útil, polo pouco impediu o golpe ultra.

O 23 de febreiro Spínola publica o libro «Portugal e o futuro» e o cinco de marzo hai unha nova reunión do «Movemento» en Cascais, na que se aproba o programa «O Movemento, as forzas armadas e a nação». Pasa a chamarse «Movemento das Forzas Armadas» (MFA). Decídese contactar cos grupos políticos pra asegurarse a adhesión da oposición democrática. O día oito, catro oficiáis do MFA son trasladados, rematando dous por entrar na prisión de Forte Trafaria.

O día catorce ten lugar a vasallaxe dos xeneráis («a brigada dos reumáticos») a Caetano, mentres son dimitidos Costa Gomes e Spínola. O día 15, os oficiáis de Lamego fanse cargo da unidade diante do acto de vasallaxe. O 16 é cando avanza sobre Lisboa o Reximento de Caldas de Rainha, acción descoordinada e nervosa que fracasa. Con todo serve pra valora-la capacidade de resposta do réxime. Dous días despóis —o 18— xúntanse en Lisboa os delegados das diferentes rexións. Márcase o golpe pra semana do 20 ó 27 de abril, amáis de presentarse a Spínola e Costa Gomes o programa do «Movemento» que fixeran Melo Antunes, Vasco Gonçalves e Víctor Alves. O día 24 de marzo, Otel modifica o plan de operacións, na reunión da Comisión Coordinadora.

25 de abril: o vello fascismo morréu. Caetano tiña razón cando decía: «Cuidado com os capitães. O perigo vem deles, pois não tm ainda idade suficiente para poderem ser comprados».

Tres anos de revolución

1974

- Abril 25** Golpe militar. Caída do Réxime. Destitución do Presidente da República e do Consello de Ministros e demais cargos políticos. Extinción da D.G.S. (P.I.D.E.) e da Lexión Portuguesa. Amnistía pra tódolos delitos políticos.
- 26** Spínola é nomeado Presidente da Xunta de Salvación Nacional. Creación do Consello de Estado.
- Maio 1** Día do Traballo. Grande manifestación de traballadores no Estadio «Primeiro de Maio». Discursos. Nunha pancarta lese: «vinhemos nós, ninguém nos pagou».
- 14** Extinción da Assembleia Nacional e da Cámara Corporativa. Publicación da Lei Constitucional.
- 15** Spínola é nomeado Presidente da República.
- 16** 1.º Goberno Provisorio. Palma Carlos, 1.º Ministro.
- Xulio 8** Créase o Comando Operacional do Continente (COPCON) baixo o mando de Otelo Saraiva de Carvalho.
- Crise do 1.º Goberno.**
- Palma Carlos presentou ó Consello de Estado propostas pra reforza-lo poder do primeiro ministro, adianta-las eleccións pra Assembleia Constituinte e pra escolma do Presidente da República. O Consello non aceptou as propostas e Palma Carlos presentou a dimisión. A tentativa reformista con chamadas ó orde e á autoridade que podería manterlo *status quo* económico e social fracasaba. Viña ataca-lo programa do Movemento das Forzas Armadas (MFA), que aceptara defender pra impedir que medrara o seu poder e o que ía facendo seu o pobo portugués. Os capitáns entenderon que este reforzo de autoridade innecesario poría ó país baixo o mando reforzado de Spínola e dos sectores capitalistas. A dereita perde o primeiro round post-revolucionario.
- 18** Despois da crise Palma Carlos, Vasco Gonçalves toma posesión do II Goberno Provisorio.
- 27** Discurso de Spínola. Recoñece o dereito á independencia dos territorios portugueses de África.
- Agosto 2** Kurt Waldheim, secretario xeral das Nacións Unidas (ONU) chega a Lisboa.
- 9** Portugal establece relacións diplomáticas coa U.R.S.S.
- Setembro-7** Rematan en Lusaka as conversas co Frente de Liberación de Mozambique (FRELIMO). Acórdase a independencia pró 25 de xuño de 1975.
- 10** Independencia de Guinea Bissau.
- 15** Primeiras nacionalizacións.
- 28** Intento de manifestación da «maioría silenciosa» en apoio de Spínola. Co goberno de Vasco Gonçalves, a marcha cara á destrución do aparello fascista e capitalista parecía irreversible. A dereita miraba con ollos asombrados o andar pró socialismo. Había que cambiar de rumbo, e, fracasada a manobra palatina de Palma Carlos, Spínola apela á «maioría silenciosa», «a fin de que o país non caise nun



caos» pra facerse co poder absoluto despois da xigantesca manifestación organizada en apoio do Presidente da República. A manobra fallou gracias á vixilancia popular e á resposta rápida do MFA.

- 30** Spínola renuncia á presidencia, sendo substituído por Costa Gomes. No acto de renuncia, Spínola pronuncia un discurso capcioso e provocador non anunciado. Costa Gomes —con firmeza— manifesta a súa oposición á actitude do seu ex-colaborador. A dereita perde o segundo «round».
- Outubro 1** III Goberno Provisorial. Vasco Gonçalves continúa como primeiro ministro. Abandonan o goberno en solidariedade con Spínola, Sánchez Osorio e Firmino Miguel (hoxe ministro do Exército con Mario Soares).
- 6** Día de traballo nacional. O pobo portugués fai deste domingo unha xornada de traballo, pra apoiar-la revolución.
- 17** Portugal é recibido na O.N.U. coma «nación ceibe e digna de respecto».
- 18** Importante discurso de Costa Gomes.
- Decembro 31** Portugal establece relacións diplomáticas coa Unión India.

1975

- Xaneiro 14** Manifestación en Lisboa convocada pola Intersindical. Reforzo do principio de unicidade sindical.
- 15** Acordo de ALVOR con os tres movementos de liberación de Angola. Fíxase a independencia pró 11 de novembro de 1975.
- 28** O Presidente de Senegal visita Lisboa. E o primeiro xefe africano que o fai.
- Marzo 11** Golpe militar frustrado de Spínola. Assembleia Extraordinaria do MFA. Institucionalización do M.F.A. Extinción da Xunta de Salvación Nacional e do Consello De Estado. Créase o Consello da Revolución. Nacionalización da banca privada. O proceso revolucionario acelérase: paso lixeiro.
- «O 11 de marzo é unha derradeira e desesperada tentativa contrarrevolucionaria de Spínola. As Forzas Armadas, das que non se depurara a oficialidade reaccionaria, sensibillizábase coa campaña de medos lanzada polos partidos de dereita. As fricións nos medios militares son fortes por máis que os homes do 25 de abril controlaban os principais postos de mando. A loita entre militares reaccionarios e progresistas tiña que estoupar. E como os progresistas eran máis fortes, a reacción recorre ó golpe. Un golpe torpe que veu ensangrenta-la revolución sen sangue. O fracaso e a fuxida desacreditaron pra sempre a figura de Spínola mesmo entre os spinolistas.
- Dende o punto de vista revolucionario, o 11 de marzo é unha data importante. Os que estaban en contra do proceso son apartados dos postos de mando e a posición dos progresistas consolídase. A revolución empeza a pisa terreo firme, cada vez máis virada á esquerda, forzada pola propia dereita».
- 17** Nacionalización das compañías de seguros.
- 26** IV Goberno Provisorio. Vasco continúa como primeiro ministro.
- Abril 2** Comenza a campaña electoral pra Assembleia Constituinte. Concurreren doce partidos.
- 7** Plataforma de acordo constitucional MFA-Partidos. Ante o medo de que as eleccións, pola falta de esclarecemento político do pobo portugués, poideran ser un paso atrás na dinámica revolucionaria, acórdase este pacto pra que independentemente do resultado, o programa do MFA e a liña do Consello da Revolución, nidiamente socialista, seguira adiante.
- 11** Comunicado do Consello da Revolución: «É necesario que



os traballadores sintan que a economía xa non lles é extraña, ou sexa, que a construción socialista da economía, é tarefa deles e pra eles». O camiño revolucionario vai cada vez máis dereito ó socialismo. «Isto implica a afirmación clara do principio do control da produción polos traballadores».

- 25** Eleccións. Espectacular lección de civismo do pobo portugués. Primeiras eleccións libres en Portugal nos últimos 50 anos, pra escoller 250 deputados da Assembleia Constituinte. Os vencedores son o Partido Socialista (PS), Partido Popular Democrático (PPD, hoxe PSD), Partido Comunista (PC) e Centro Democrático-Social (CDS): 42,28,15 e 8 por cento son as porcentaxes respectivas. O PS e o PC acadan a maioría. Mais, con sorpresa de todos, o PS non fai coalición na assemblea co PC e achégase cada máis ó PPD, denunciando o pacto MFA-Partidos.
- 30** Institucionalización da Intersindical, recoñecida por decreto do Consello da Revolución.
- Maio 1** Incidentes no Estadio «1.º de Maio», entre o PS e as forzas de esquerda.
- 8** Ceremonia conmemorativa do 30 aniversario da derrota nazi na segunda guerra mundial, no teatro San Luís.
- 14** Nacionalización das industrias de tabaco, cemento e celulosa.
- 19** Creación do Tribunal Revolucionario.
- 21** Comunicado do Consello da Revolución sobre o «caso República», que co de Radio Renascença vai ter fondas repercusións políticas.
- 28** Vasco Gonçalves visita Bruselas pra participar na primeira xuntanza da OTAN á que asiste un político portugués do goberno nacido despois do 25 de abril.
- Xunio 2** Costa Gomes visita Francia. Apertura da Assembleia Constituinte.
- 7** O secretario xeral do PAIGC visita Lisboa, sendo recibido con honras de Xefe de Estado.
- 8** Assembleia do MFA. Documento-guía do proxecto de alianza Pobo-MFA pra establece-lo poder popular da liña assemblearia. «A alianza Pobo-MFA pasa pola satisfacción das aspiracións máis profundas das clases explotadas». «E dentro do ámbito dunha revolución cultural... que se mobilizará decisivamente o pobo pra revolución». Pra iso acórdanse as seguintes tarefas: a) fomentala participación revolucionaria das masas, no sentido de crearen e desenvolveren agrupamentos unitarios, nunha perspectiva de implantación de verdadeiros órganos de poder popular. b) Defende-la revolución dos ataques das forzas reaccionarias a través dunha concienciación profunda... e da creación de organismos de defensa. c) Vence-la batalla da economía.
- 13** Costa Gomes visita Rumanía. O Consello da Revolución acorda a nacionalización de 54 empresas do sector do transporte.
- 21** O Consello da Revolución fai público ó «Plan de acción política» no que se marca a dirección revolucionaria.
- 25** Independencia de Mozambique, que se convirte en República baixo a presidencia de Samora Machel.
- Xulio 4** O Goberno aproba as liñas xerais da Reforma Agraria, importante paso revolucionario.
- 5** Independencia de Cabo Verde, baixo a dirección política do PAIGC.
- 11** Ante a marcha dos acontecementos e con motivo do «caso República», o Partido Socialista decide abandona-lo IV Goberno Provisorio, dimitindo tódolos seus ministros e cargos políticos gubernamentais. Empeza a chamada «crise de xullo».
- 17** Saída do goberno dos ministros do PPD.
- 25** A Assembleia do MFA nomea un Directorio Militar, formado polos xenerais Costa Gomes (Presidente da República), Vasco Gonçalves (primeiro ministro) e Otelo Saraiva de Carvalho (xefe da Rexión Militar de Lisboa e do COPCON) pra reforzar e homoxeneiza-la liña política do país. «A Assembleia pronunciouse sobre a autoridade e seguranza da Revolución, tendo concluído pola necesidade dunha forte dirección política».



- 30** O Consello da Revolución ratifica ó Directorio.
- Agosto 1** Costa Gomes viaxa a Helsinki, á conferencia de Seguridade e Cooperación Europea.
- 3** Comenzan os asaltos ás sedes dos partidos de esquerda, sobor de todo no Norte.
- 7** Faise público o «Documento dos nove» ou «Melo Antunes». Trátase dunha análise crítica da evolución política portuguesa e do rumbo da revolución desde perspectivas máis inclinadas á socialdemocracia.
- 8** Comunicado do COPCON sobre o documento, ó que acusa de divisionista. A Quinta División apoia o comunicado do COPCON. V Goberno Provisorio. Asiste o Directorio do Consello da Revolución. Na súa composición non toman parte persoas directamente ligadas os partidos.
- 11** O Directorio suspende ós nove do Consello da Revolución.
- 23** Liñas de acción programática do V Goberno. Importante documento.
- 24** Comunicados en serie. O da Presidencia da República di: «O país ten vivído nas últimas semanas un clima de inestabilidade política, en grande parte consecuencia de problemas xurdidos no interior das Forzas Armadas. A análise obxectiva da situación mostra que se torna necesario reestruturalo Consello da Revolución e respecta-los «órganos revolucionarios do MFA».
- 28** O Presidente da República, decida nomear primeiro ministro do VI Goberno Provisorio ó almirante Pinheiro de Azevedo, con participación do PS-PPD e PCP. O comunicado di: «Tornándose necesario reestruturalos órganos do MFA, o Presidente da República, ouvido o Consello da Revolución decidíu: a) nomear Xefe do Estado Maior Xeral das Forzas Armadas ó xeneral Vasco Gonçalves; b) primeiro ministro, ó almirante Pinheiro de Azevedo; c) reestruturalo Consello da Revolución en Assembleia do MFA a realiza-lo 5 de setembro de 1975. Co VI Goberno provisorio, a revolución deixa o paso lixeiro e pasa a paso corto. Aparece organizado o Frente Militar Unido (FMU), de liña profesionalista con tendencia ó «apoliticismo». Ramalho

Eanes e Loureiro dos Santos (hai un mes nomeado vice-xefe do Estado Maior Xeral das FAS) aparecen como figuras do mesmo.

Setembro

Acentúase a campaña crítica contra os militares máis progresistas, en especial, contra a «esquerda militar» aglutinada en torno a Vasco Gonçalves. O PS e o PPD toman parte activa nela con outros sectores de dereita. A campaña concretízase na oposición ó nomeamento de Vasco coma Xefe de EM Xeral das FAS.

A partires da formación do VI Goberno prodúcese un reaxuste de forzas militares. As asembleas modifican a súa composición, alcanzando maioría a liña socialdemócrata e profesionalista.

5 Asemblea en Tancos do Exército, convocada polos «nove» con urxencia, reventando así a asemblea do MFA prevista pra ese día, e na que están ausentes os delegados do Exército e a Forza Aérea. En vista da situación, Vasco renuncia ó cargo de Xefe do Estado Maior Xeral das Forzas Armadas. A asemblea de Tancos ven a se-lo primeiro «round» que se apunten as forzas conservadoras.

8 Comunicado do Consello da Revolución sobre censura militar e composición do mesmo, no que entran a facer parte os «nove».

14 Programa do VI Goberno, na nova liña de dirección da revolución. Diversos comunicados militares. Situación de tensión nas Forzas Armadas.

Novembro

15 Angola independente.

9 O Goberno suspende a súa actividade, debido á situación de descontrol nas Forzas Armadas.

21 O Consello da Revolución propón substituír a Otelo por Vasco Lourenço no mando da Rexión Militar de Lisboa. A tensión no COPCON e nas forzas militares de esquerda acada un punto máximo. Diversos acordos de dar marcha atrás no nomeamento de Vasco Lourenço. O FMU organiza as súas forzas.



25 Guerra de comunicados. Os paracaidistas, en estado de insurrección. Golpe militar. Costa Gomes declara o estado de sitio. A esquerda militar é desmantelada. Frenazo violento na revolución portuguesa. Paso lento.

«O 25 de novembro é unha data fundamental na viraxe á dereita do proceso portugués. O camiño acelerado ó socialismo desequilibra a correlación de forzas dentro das Forzas Armadas, nas que a esquerda ten actuado cunha limitación e mesmo inxenuidade que nunca tivo a dereita, aceptando as regras de xogo desta dende a súa posición de poder. Pro non sóio son tocados polo vértigo revolucionario os militares, senón tamén o Partido Socialista, pró que o socialismo parece que non debe deixar de ser unha utopía lonxana. A publicación do «documento dos nove» ten unha importancia decisiva nesta viraxe. A dereita, anque despóis do 25 de novembro acusarás de esquerdistas (Vasco Lourenço é chamado Vasco-bis) apoia o documento. O centro de gravidade das FAS inclínase á socialdemocracia.

A xogada mestre faise coa convocatoria urxente en Tancos dunha asemblea do Exército, na data anunciada pró asemblea do MFA, que é reventada. Os «nove» conseguen inclinar ó seu favor as posicións de poder. A liña militar

máis conservadora chama ó profesionalismo e ó apoliticismo e agrúpase en torno ó FMU (Frente Militar Unido) no que desempeñan un papel clave Ramalho Eanes e Loureiro dos Santos.

A partires de ahí, a consolidación e organización da forzas de dereita anda a modo pro firmemente, hastra que a esquerda, ten que reaccionar. O relatorio do 25 de novembro, (a revolución acostumbra a facelo sobor dos seus acontecementos importantes) é pouco explícito, contradictorio, e non concorda coas versións dos homes que viviron directamente os acontecementos. Sobor de todo, coa de Otelo, ó que ninguén lle pode negar —nin lle nega— en Portugal unha increbantábel honestidade. Maila clasificación do golpe non é deste lugar. Quedará pra unha ocasión de máis espácio.

Poucos días despóis, Melo Antunes pronuncia un discurso tratando de frena-la violenta viraxe á dereita.

Significativas figuras da esquerda militar son postas en prisión. Caxias volve a funcionar contra a esquerda.

1976
Xaneiro 21
Febreiro 22
26

Otelo, en prisión preventiva.

Recoñecemento da independencia de Angola.

II pacto MFA-Partidos. Convocatorio de eleccións. Os órganos de soberanía no período de transición son: a) Presidente da República; b) Consello da Revolución; c) Asemblea lexislativa; d) Goberno; e) Tribunáis.



Abril 2 Promulgación da Constitución.

25 Eleccións lexislativas. Resultados:

PS: 34 %	106	escaños
PPD: 24 %	71	escaños
CDS: 15 %	41	escaños
PC: 14 %	40	escaños

Xunio 27

Eleccións prá Presidencia da República. Ramalho Eanes conta co apoio do CDS, PPD e PS; Pinheiro de Azevedo coa súa posición de xefe de Goberno; o PC preséntase sóio cunha candidatura de Octavio Pato. Otelo, sen apoio dos partidos, pro co das masas populares que organizan os GDUP (Gupos Dinamizadores de Unidade Popular) consegue un significativo 16,2 % dos votos. Os resultados foron os seguintes:

Ramalho Eanes	60,79 %
Otelo	16,2 %
Pinheiro de Azevedo	14,8 %
Octavio Pato	7,49 %

Forzas de base do P.C. votaron a Otelo.

Novembro 5

Discurso de Melo Antunes na toma de posesión da Presidencia da Comisión Constitucional. Tensións entre a dereita militar e o sector progresista.

1977
Abril 5

Loureiro dos Santos, vice-xefe de E.M. Xeral das Forzas Armadas. Tensións no Exército polo nomeamento. Loureiro chega a renunciar. O Presidente pronuncia un discurso profesionalista. «Hai que impedir que a loita política teña lugar nas unidades... (e asegurar)... o servico apartidario á Patria». Loureiro dos Santos remata: «nas Forzas Armadas non hai esquerda nin dereita».

10

Os 38 militares de esquerda acusados no proceso de «servicias» polo Consello Superior de Disciplina (especie de Tribunal de Honra) hoxe en fase de reestruturación, entregan as súas defensas. Tensións no Exército. Entre os acusados están Otelo, Rosa Coutinho, Contreiras, Corvacho, Dinis de Almeida...

Portugal, hoxe

Calquera hipótese sobor de Portugal é neste intre arriscada. Por un feixe de razóns políticas, sociais, económicas e militares e aínda internacionais, o caso Portugal é singular. Dende un punto de vista legal, Portugal conseguiu elaborar unha constitución avanzada, na que se recoñece a soberanía popular, os dereitos e liberdades fundamentais e a marcha cara ó socialismo mediante o exercicio do poder polas clases traballadoras. Por outro lado e de feito esa marcha foi ralentizada ou frenada dende o 25 de novembro, e especialmente co acceso á Presidencia da República de Ramalho Eanes, home de orde, moi profesionalista e discordante coa aceleración revolucionaria despois do 11 de marzo. Non foi nin cecais puidera ter sido un home do 25 de Abril. Pro o seu carácter legalista pareceo manter na observación dunha Constitución que aínda restritivamente pode dar moito de si.

Os feitos recentes préstanse a interpretación ambigua e «in situ» parecen menos negativos cá interpretación dos mesmos pola prensa europea. A reforma agraria está estancada. A causa dela deixou o goberno, o vran pasado, o ministro da esquerda socialista, López Cardoso. Pro este estancamento aínda non é marcha atrás. Houbo, é certo, entregas de lotes ós antigos donos, pro de acordo coa legalidade que lles recoñece o dereito a un lote de 50 a 200 hectáreas pró cultivo, e as entregas non pasan de ser simbólicas (20.000 das 1.200.000 Has. expropiadas). A Banca segue nacionalizada anque hai rumores de autorización pra novos



OTELO, EN GRANDOLA, CON XOSE ALFONSO

bancos, o que quitaría eficacia á medida. As cooperativas de produción e consumo anque con limitacións van funcionando. A inflación é forte e o custo da vida sobe máis cós salarios. O goberno, dominado polos socialistas e presidido por Mario Soares, fai unha política conservadora. O camiño de Portugal torce cada vez máis cara á dereita.


Pro un factor diferencial cos outros países é o exército. O seu peso específico segue a ser decisivo na política portuguesa e calquera oscilación acentuada pode ser, como ten sido, correxida por unha nova correlación de forzas. E esta correlación que hoxe non é favorábel á esquerda puidera selo se se rompe o equilibrio. Melo Antunes, noutro tempo xefe do grupo dos «nove» e presidente da Comisión Constitucional, a pesares das súas posibles ambigüedades, é un

home de esquerda e un militar de moito peso específico en amplos sectores do exército. O presidente, home moito máis de dereitas no senso máis amplo, ten isto moi en conta. O «documento dos nove» deulle na liña de flotación dos sectores militares máis radicalizados, pro poucos días despois do 25 de novembro que Melo afirmara que o PCP é tan necesario coma os outros partidos prá marcha política do país e en novembro do ano pasado pronunciou un discurso valente, de grande resonancia na toma de posicións da Presidencia da Comisión Constitucional. Algúns xornais falan de tensións fortes co presidente e de feito houboas con algún xefe militar. Melo é hoxe un punto importante na correlación de forzas militares. Un home do seu grupo, protagonista importante do 25 de abril, Vasco Lourenço é

o gobernador militar de Lisboa.

Neste ambiente de equilibrio inestábel están tendo lugar dous feitos importantes: un é o nomeamento de Loureiro dos Santos, amigo do presidente e home do FMU, como xefe do E.M. Xeral das FAS, nomeamento que provocou reaccións no mundo militar. O outro é o proceso, chamado das «servicias», contra 38 militares do 25 de Abril, por supostas extralimitacións nas súas actuacións. O proceso empezou coa excusa de deixar limpas as follas duns oficiais, branco da prensa da dereita, e foi tomando un camiño acusatorio. Estes días de Semana Santa estaban entregando as defensas ante o Consello Superior de Disciplina. Ninguén sabe qué pode pasar. O Consello é un residuo medieval equivalente ós Tribunais do Honor e nestes días estíbese a cambiar. Se a dereita se deixa levar pola tentación de querer aplasta-la esquerda militar a situación pode cambiar fortemente. Entre os acusados están nada menos que o Almirante Rosa Coutinho, Otelos S. de Carvalho, Carlos Almeida Contreiras, Eurico Corbacho, Dinis de Almeida e tantos outros homes claves do 25 de Abril. E o exército aínda non esquencéu o que el e o país lle deben.

Anque o 25 de Abril xa pasou e o MFA desfixose, a súa imaxe e o seu impacto psicolóxico aínda é moi forte en todo o exército. O paso lixeiro trocouse en paso lento, maila música do 25 de Abril aínda parece ter forza pra lle marca-lo paso á Constitución.



Presas de Cecebre

Asulagar ós probes



P. CONDE

A poucos kilómetros da capital coruñesa, onde a cidade bebe as súas augas diarias, a presa de Cecebre, maravilla hidrográfica que alguén pensou que ía resolver tódolos problemas que, dende ahí anos, plantexaban as sequías do vran na Coruña (recórdese a de 1975, con mulleres e nenos collendo auga, como podían pola mañá pra poder lavar, polo menos, os cacharros e face-lo caldo). Onde se xuntan os municipios de Cambre, Abegondo, Bergondo e Betanzos, parroquias de Crendes, Piadela, Cecebre, San Tirso de Mabegondo e San Vicente de Vigo, hai veciños que se preguntan por qué tiveron que ser eles os que pagaron o pato de servi-la auga prá Coruña.

ASULAGAR POR CATRO PATACONS

Porque o caso é que se fixo unha presa, a de Cecebre, que levóu por diante as terras de labradío e os prados dos paisanos por catro patacons que están sendo pagados mal e arrastro. «O que a nós nos choca —declarou un veciño de Brives a un redactor de TEIMA que visitou a zona— é o ver que servimos pra que os da Coruña poidan beber auga tódolos días pro que ninguén se ocupaóu de pagárho-las terras como é debido nen siquiera de paga-las cando era debido». Hai labradores que tiñan hastra vinte vacas e que tiveron que quedarse con dúas ou tres, como é o caso do de Lendoiro, en Crendes. «Dende que os quitaron os prados, o labradío e o monte que tiñamos tanto en propiedade coma arrendado, non nos quedóu máis remedio —explicóu o propio patrón da casa— que abandona-la explotación gandeira que montáramos con moito esforzo. Arruináronnos a nós e a moitos máis, sen que seibamos agora ben o que facen».

Por aquela banda, cóntase que foron máis de seis mil ferrados as terras afectadas polo embalse e todas do milloriño que había nos vales dos ríos Mero e Barcés. «Foi unha desgracia —informóu Francisco Abad, en Crendes—. Por aquí hai moita xente que non lle quedóu máis remedio que cambear de vida e adicarse á peonaxe onde lle deron traballo. Agora cada ún traballa nas obras da Autopista ou vai á Coruña pra gaña-la vida como pode. Pro o peor non é iso senón que incluso non nos dan ó seu debido tempo o que nos co-

rresponde. Débennos a case todos prazos das indemnizacións e os que reclamaron teñen que agardar a que se faga o correspondente xustiprecio. Resulta doado imaxinar que os cartos que fixaron hai dous ou tres anos, hoxe xa son pouca cousa despóis das sucesivas inflacións que sufríu a vida». Neste senso, contóu Alfonso de Lendoiro: «Eu merqué un piso na Coruña por setecentas e pico mil pesetas hai poucos anos, se tivera que compra-lo agora tería que pagar catro veces máis. Noustante, os cartos que nos dan polas terras da presa son os mesmos que hai varios anos. Isto non é xusticia».

Segundo poído saber TEIMA, o asunto das expropiacións escomezóu hai catorce anos pro, durante unha época, estivo medio abandonado o proxecto. Cando a gran sequía de 1975 que deixóu sen auga á Coruña no mes de agosto (por certo, coa presenza do Caudillo e de tódolos ministros do seu Goberno), as autoridades locais e provinciais déronse presa en arranxa-lo problema en base a poñer en marcha o embalse de Cecebre. Pola bisbarra presentáronse entón diversos funcionarios do Axuntamento coruñés e máis da Comisaría de Augas do Noroeste decindo que había que ocupa-los terreos e que cada veciño debía contar con que, polas boas ou polas malas, terían que ceder. Case cederon sen saber moi ben o que tiñan que facer. «Pensabamos —declara agora un afectado— que aquilo era unha expropiación en toda regra e calmos na trampa coma parviños. Andando o tempo, decatámonos de que se riran de nós e que outros máis avispados relearon os precios sacando pra eles moita millor tallada».

FENDE-LO VAL EN DUAS METADES

Non foi somentes o problema das indemnizacións, sempre pagadas a precios dez ou quince veces inferiores ós que podían te-las terras na realidade. Foron tamén os inconvenientes que causóu chanta-lo embalse no medio do val. Da noite prá mañá, unha mesma parroquia, a de Orto, quedóu dividida en dúas metades de tal xeito que as distancias que denantes se recorrían cun kilómetro de camiño agora hai que facer seis pra ir, por exemplo, á Misa do domingo. «O que queremos, xa que nos fixeron isto, —dín os veciños— é que nos constrúan unha ponte entre lado e lado da parroquia. Prometéronnola xa varias veces, disque está aprobada, pro aínda non vimos nada dela».

Unha pista feita hai pouco máis dun ano está xa en estado intransitábel. «Dáse a casualidade —contaron a TEIMA os afectados— de que por ela é por onde ten que pasa-lo autobús que recolle ós rapaces pra ir á escola». Cambeóu todo. Vinte ou trinta veciños tiveron que facer novas casas, mentres algúns optaron por marchar pra outros lares, «en busca dunha vida millor». «Menos mal —falóu alguén— que as vivendas aínda as foron pagando ben se se compara cos precios que nos deron polas terras». Polo demáis, ninguén sabe realmente a que referirse no tocantes ó que lle está a pasar. «Ninguén nos di endexamáis nen cánto nen cánto imos cobra-las indemnizacións».

Mentres, o alcalde da Coruña, Liaño Flores, coída que todo está no millor dos mundos. «Non somentes non se ocupóu ningunha terra —dixo— sen pagar, senón que se retrasóu o peche da presa e non se ocuparon determinadas fincas en beneficio dos expropiados que o solicitaron. Pódese contestar rotundamente que tódolos propietarios recibiron as cantidades estipuladas. Salvadas algunhas excepcións, o acordo foi sempre total con tódolos propietarios».

Non parecen pensa-lo mesmo algún veciños que puntualizaron a TEIMA a opinión do alcalde coruñés. «Esas excepcións que dí o alcalde —afirmaron— son todas de ter en conta e haberá que considera-las no seu xusto valor. Hai señores que aceptaron un precio polas súas propiedades e que firmaron pra cobrar. Nembargantes, seguen aínda sen cobrar. Hai vivendas que foron asulagadas e que os seus propietarios seguen sen sabe-lo que se lles vai pagar poe elas. Nalgún caso de terreos, nen siquiera se fixeron trámites de expropiación senón que colleron todo

prometendo que ían pagar rápidamente e vai pra dous anos sen que salbamos ren. Nós aceptámo-lo todo sen ofrecer endexamáis resistencia e agora non pedimos nada do outro mundo, senxelamente que se pague ós que firmaron e que se aceleren os trámites do xustiprecio prós que reclamaron». A todo isto, algún engadiu que «o que deberíamos facer cando nos chegóu isto é o que fixeron os das Encrobas cando lles quixeron quita-las terras».

Non podía faltar, coma sempre, algún veciño privilexiado que negociara pola súa conta e dende a condición de *status* superior no mundo rural. Neste caso cóntase que unha familia de Brives (notarios e abogados), dona de varios caseríos arrendados, tivo preferencias nos precios. Diante de tantas cousas, algúns veciños pensan agora xuntarse pra facer unha reclamación xudicial a quen corresponda (posibelmente a Comisaría de Augas) e ver de cobrar dunha vez o que lles deben.

RAIBA E DESESPERANZA

Mentres, unha certa raiba e outra tanta desesperanza invade os ánimos dalgún afectado. «Tivemos que da-las milloras terras pra resolver un problema da auga da Coruña que moi ben poidera ter outra solución —contóu o Lendoiro—. Debéuselle buscar outro emprazamento ó embalse pra evitar que se asulagaran estas boas terras. Aquí asulagaron unha grande cantidade de terra pra pouca auga embalsada. Nós non negamos que houbera que resolve-lo problema, á Coruña facelle falta auga, pró puidérona buscar noutros lados onde fixeran menos mal e que tiveran mesmo milloras condicións pra embalsar. Todos sabemos que había outros emprazamentos, ¿por qué se escolléu este? En todo caso, xa de facérno-la puñeta, o que tiñan que facer é pagárho-lo noso como era debido e non con precios de miseria que arruinaron parte das nosas vidas».

Como dato indicativo e se ún fai caso do que contan os afectados, houbo terreos que foron valorados pola ocupación en 30.000 pesetas e que moi ben deixarían 250.000 en pública subasta. E tamén como indicador, sirva a anécdota de que nunca chove unha vez soa na casa do probe, pasóu o embalse —está a pasar— e chegóu a autopista. Na banda dereita do embalse, por Cecebre, andan xa alporizados os ánimos pola súa fendedura no chan.



P. CONDE



XAN PONCE,
UN RECUPERADO

Cando morréu a Duquesa da Conquista, dona e señora do val de Prospes, en San Saturnino - Ferrol, as terras quedaron en herdanza pra unha comunidade relixiosa. Os colonos pensaron que aquelas terras que traballaron anos e anos debían ser súas e creron atopar unha solución: formaron nos anos sesenta a primeira cooperativa despois de que o 18 de Xullo botara abaixo tódalas experiencias anteriores. Despois, moitos labregos de Galicia tentaron segui-lo mesmo vieiro. «Sómo-los máis antigos e tamén os que máis paus levamos». Non houbo, pois, camiño de rosas e as cooperativas bateron cuns problemas endémicos que as limitaron e mesmo as levaron á ruina. Poucas son as cooperativas que levan unha vida como tais e bo coidado tiveron os mandamáis pra que isto fora así. «Mirade, ou amañamos todo o agro, ou as cooperativas non serán máis ca bos intentos». M. RIVAS estivo no val de Prospes e fixo este traballo.

Orfas as terras, os colonos que as viñeran traballando sen acougo pensaron que dunha vez a terra tiña que ser pra quen a traballa. Daquela non era doado facer revolucións e os labregos —arredor duns corenta— tiveron que pasar polo aro duns trámites oficiáis feitos pra non funcionaren: decidiron formar unha cooperativa do campo pra poder

A primeira cooperativa

San Saturnino: Un camiño sen rosas

pedir cretos e merca-las terras que a antiga dona deixara en propiedade a unha comunidade relixiosa, seguindo así o costume da aristocracia sen herdeiros nos tempos de mariacastaña. Dos socios da cooperativa do campo, de seguida xurdiron os que querían traballar en común e os que querían terras individuais. «Xa que conquerimos xuntámonos pra merca-las terras ¿por qué non iamos seguir xuntos pra traballalas?», decía a TEIMA ún dos primeiros. Os outros seguen hoxe cada ún coa súa parcela.


DENDE O PRINCIPIO, PROBLEMAS

Ven entón a idea de formar unha cooperativa de explotación comunitaria. Foi a primeira iniciativa deste tipo que xurdiu en Galicia despois da guerra e por eso a súa importancia histórica é grande. «Quixemos facer dun xeito moderno o que o pobo galego ven facendo dende séculos nas parroquias: o traballo comunal das terras». Houbo que facer uns estatutos, levalos á Obra Sindical de Cooperación, de alí

mandáronos a Madrid e, «despois de dar moitas voltas e face-lo que lles saíu das pelotas», aprobáronos. Xa nun principio, pois, apareceron os atrancos, os problemas. A cooperativa quedou rexistrada oficialmente no 1963 anque xa viña funcionando dende tempo atrás.

3.400 ferrados (170 hectáreas), dous silos «Harvestore» dunha capacidade de 300 toneladas cada ún —ben bos naquel tempo pro xa atrasados con respecto á actualidade—, 102 cabezas de gando (agora hai 188), dous tractores pequenos e

A PRIMEIRA



P. CONDE



unha colleitadora de forraxes (agora hai tres tractores novos, un autocargador, tres colleitadoras e unha segadora rotativa), foron o punto de partida material da explotación. A cooperativa, pois, sóio se adicou á venda do leite e de xatos. Os primeiros anos traballaron como personal cualificado un perito agrícola e dous capataces. Logo marchou o perito e veu un inxeñeiro agrónomo pra rematar marchando todo o personal técnico: «non había moitos cartos pra pagar salarios altos,

tiñamos todo a base de cretos». O problema económico será unha constante ameaza na vida da cooperativa: «temos en produción 78 hectáreas das 170, o resto están aínda a monte, sen romper, por falla de medios; poderíamos chegar a ter unhas mil cabezas, pro...»

Normalmente os socios reúnen-se unha vez ó mes. Eles elixen unha xunta rectora que está formada por un presidente —César López está neste cargo dende o principio—, un secretario, catro vocais e un consello de vixilancia de dous membros. Na explotación foron traballando practicamente tódolos socios. Cando se mercaron as terras «da duquesa» a media de idade dos colonos xa era moi alta. Este factor e a cuestión económica, por outra parte, levaron á cooperativa a contratar empregados. Actualmente levan a explotación tres asalariados, dous socios e tres fillos de socios. «Do resto dos socios, moitos están xubilados, hainos que son xastres, algúns son chapistas...». Entre os fillos dos socios hai un «recuperado» da emigración que agora mesmo exerce funcións de encargado. Xan Ponce nacéu en San Saturnino e voltou pra traballar na cooperativa despóis de estar embarcado vinte-dous anos. Anque a emigración ó estranxeiro diminuíu moito na bisbarra o certo é que tampouco hai moita xente nova. «Os que non coñecen as cidades teñen o anxeio

de vivir nelas. Non sei até que punto logo quedarán contentos. E unha pena que non haxa unha educación, unha formación técnica, pra traballar no campo.»

OS ANOS «PERRUNOS»

No relato que da historia fan os de San Saturnino hai moitas fabbas negras. Algunhas moi grandes e das que os socios da cooperativa falan cun escepticismo que aínda está vivo no aer deste val. No ano 1965, despóis dunha inspección, comunicóuse oficialmente a existencia de *brucelose* (enfermidade que provoca o aborto no gando) en varias vacas da explotación. Segundo os cooperativistas as cabezas afectadas representaban un 1,5 por cento do total. Noustante, o gobernador civil, «supoñemos que ó traveso do xefe de ganadería do ministerio», firma unha certificación na que se declara a todo o gando enfermo. Durante catro anos a cooperativa de San Saturnino non vai poder vender no mercado, sóio directamente ó matadeiro. A diferenza do importe da venda por cabeza dún a outro sistema vira arredor das cincuenta mil pesetas. O total das perdas puido chegar ós dez millóns. Son catro «anos perrunos nos que a explotación vai tirando coma os difuntos polo alento». A curva de beneficios, e polo tanto de posibilidades de amortización, baixa en picado. «Houbo retraso nos cretos, moitos avisos dos bancos, seguimos de milagre...». Cada vez que os da cooperativa van á Coruña danse largas, poucas explicacións ou ningunha: a cooperativa escomeza a cheirar algunha maniobra con obxectivos nada claros. Unha comisión decide ir a Madrid e alí dinlle que non teñen ningunha noticia de tal medida de tara. «Dixéronnos que era imposible que fixeran iso porque unha medida de tal tipo sóio se pode tomar en todo un municipio pro non nun caso illado». En Madrid queren anula-la medida de inmediato pro os de San Saturnino esixen que sexa a traveso dos trámites legais: un equipo de veterinarios vai analiza-lo gando durante ano e medio e os resultados serán sempre negativos.

FUNDI-LA COOPERATIVA

¿Qué sucedeu?. «Soubemos que

había un grupo de capitalistas que querían fundir á cooperativa pra logo mercala. Había implicada xente da Coruña e Lugo, e tamén algún veciño e contaron con algunhas complicidades. De feito, nestes anos «perrunos», tivemos ofertas que rexeitamos». Despóis daquilo, as sequías —a do 1976 vai ser terríbel—, o precio dos piensos, o problema dos intermediarios... «Aínda debemos cartos. ¿Hastra cando?. Como isto dos precios dos produtos, sobor de todo do leite, non está en absoluto fixado tampouco podemos facer previsións a longo prazo. «Está demostrado —decía a TEIMA Xan Ponce— que ás empresas capitalistas, mesmo a algunhas disfrazadas de cooperativas, vailles millor. Pra nós todo sería distinto senón fora problemas, pola falla de diñeiro dispoñíbel... Penso que o cooperativismo é unha solución, porque ou todo o agro chega á unidade ou seguiremos probes e enganados. O cooperativismo non é posíbel no sistema capitalista. Toda persoa que se meta nunha cooperativa ten que sufrir máis polo dos demás que polo seu. De feito, os paisanos danse conta de que soios non van a parte ningunha».

Preguntámoslles pola súa opinión sobor do sindicalismo agrario e os actuais sindicatos en construción e fálannos da falla de información. «Non temos coñecemento, todo está moi revoltado». Sí teñen unha idea clara: «queremos estar todos unidos». Danlles repaso a algúns proxectos que chegaron dende o poder: «iso dos jóvenes agricultores foi unha montaxe que non chegou a funcionar».

Entre os novos proxectos da cooperativa —e que tiveron once anos sen aprobar— está o de construír vintecinco vivendas e un local social. ¿Qué conclusión sacar desta experiencia con moitos anos enriba?. ¿E a cooperativa un obxectivo ó que hai que chegar ou é algo feito?. Despóis de pasar por San Saturnino —onde están a sufrí-los mesmos problemas có resto dos labregos non grandes propietarios— esta e moitas outras preguntas seguen sen unha resposta.



«Agora, nós, os cregos do agro galego, en lugar de repartir estampas repartimos papeliños», di sorrinte Ramón Valcárcel, Moncho, o «cura das Encrobas». O que pasa é que, en realidade, el non é o verdadeiro cura das Encrobas. A súa parroquia é Sésamo, tamén no Val de Barcia.

Moncho admira «moitísimo» —di el— ó histórico crego Basilio Alvarez: «E máis, aínda, porque o deixaron nun segundo plano. Esquencido non, que non o deixamos esquencer... Tiña un espírito galego moito máis forte do que eu —responde cando, estúpida-mente, facemos preguntas con ánimo de comparanzas e, tamén, era un home moito máis comprometido do que o poida estar eu». «¡Ogallá houbera relación algunha entre Basilio Alvarez e máis eu! Pro non... Basilio Alvarez foi un home grande que, como din os versos de Cabanillas, chegou a erguer a tódolos labregos «dende Ortegal hastra o Miño», aqueles mitins monstruosos...» Semella que Valcárcel ten nostalgia daqueles tempos. «En lugar de estampas, repartimos papeliños», engade.



YÁÑEZ

Ramón Valcárcel fixo dous anos de Dereito na Universidade, pasou polas milicias universitarias e, logo, vai e ocórreselle poñerse a crego:

—Non séi por qué —di—, ce-cáis por unha vena de misticismo. Sí, sí... eu sonche un pouco místico ás veces e así foi que rematéi por ingresar no Seminario de Santiago.

—¿Cómo che foi por alá?

—¡Peor ca na mili! Aquilo era aínda peor, un cárcere, coma estar na cadea. Pro o primeiro ano paséino moi tranquilo —«debéu ser por iso da vena mística»—, mais despóis, claro, ó mirar todo aquilo, díxenme que «¡pro isto non pode ser! ¡non se pode educar así a un crego!»... E, no segundo ano, escomenzaron os follóns. Nunha ocasión, fun expulsado de alí.

Logo, no terceiro ano, Moncho marchou a Italia, a Roma:

—Aló, outros axudáronme a ollar un pouquiño pra Galicia. Era a fins dos anos cincuenta, eran os anos de Castrelo de Miño e todo me axudou a comprender. Fíxate que, daquela, a miña postura política vía coma necesario o pan-

«Hai que derruba-las estruturas da Igrexa

XAVIER NAZA

tano de Castrelo por aquilo da «industrialización» de Galicia... Pro, despóis, escomencéi a matinar e coñecer, por exemplo, a Castelo, a Curros... A Marx, Engels, mesmo Lenin, coñecínos máis tarde en experiencias posteriores.

Valcárcel, agora, asegura que nas Encrobas se atopa a «gran esperanza dos galegos».

OS CURAS, ANARCOIDES

—Pola formación que lles dan no Seminario —salienta— os curas galegos son un chisco anarcoides.

—¡Home...!

O cura de Sésamo:

—Sí, sí, uns homes tan puristas... Non te estrañes. Van e din que, de grupos políticos, de opcións políticas concreta, nada de nada. E con todo están ó servicio do capital, como tiveron e seguen a estar nas mesmas. Pro, claro, «iso non é política», din eles. ¡Entón qué é, carafío! Entón, claro, elles moi difícil dalo paso. Pro hoxe, hoxe por hoxe, xa pre dixen que a Igrexa actual é un colonialismo no que está, sometida, Galicia.

—Está claro que ti xa deches «o paso» hai tempo.

—Mira eu, eiquí, ó chegar a Sésamo, escomencéi a ver xa directamente o machacados que están os



YÁÑEZ

nosos labregos: contribucións arbitrarias, a cuota da Seguridade Social Agraria, a miseria... Etcétera, etcétera. Eu, eiquí, escomecéi a vivi-lo asoballamento da xente de eiquí. Os veciños axudáronme moitísimo, mesmo no asunto do idioma, do galego que agora sei e que eles me ensinaron.

—¿Cándo empezaches, en qué intre?

—Empecéi a traballar, sobor de todo, a partires dunha xuntanza na que se atopaba o que entón era o Partido Comunista Internacional e que logo foi o Partido do Traballo. Fora en Betanzos e, claro, colléronnos e metéronnos na cadea.

Pouco despoís, o Valcárcel andaba xa «nunha cousa —di el— que lle chamaban as Comisións Campesiñas»; máis tarde nas Comisións Labregas. E segue:

—Sendo crego, claro, logo de estar na cadea e todo o demáis, a min xa non che me quedaba outra alternativa e comprométnme definitivamente na loita. O caso é que, falando de todo un pouco, eu sempre dixen que a Igrexa actual é un instrumento de poder ó servicio do colonialismo no que e tá, sometida, Galicia.

—¿Definitivamente?

—Mira, unha proba palpábel —«sen ir máis lonxe», engade— é, por exemplo, a fala que sempre falou a Igrexa: sempre, nas parroquias rurais, prá Misa foi primeiro o latín e despoís o castelán; e agora, tamén, estáse a seguir co castelán salvo nalgunha parroquia na que se emprega o galego.

—Tamén nas cidades...

—Se agora utilizan o galego —atalla Valcárcel—, se se empeza

é alleo ós problemas galegos; o Cerviño, o de Vigo-Tui, o mesmo; O de Ourense, vaía, xa non digamos, que todo o mundo o coñece ben; o de Lugo, o mesmo, que é coma o de Ourense...

—¿Non se «salva» ninguén?

—O único, o único... («no que eu —matina— como crego tiña certa esperanza») era o de Mondoñedo-Ferrol.

—¿Nin monseñor Araúxo?

—Pro sabemos que, ó de Mondoñedo-Ferrol, non sei que demos lle pasa —«débelle fala-lo Espírito Santo», apunta Valcárcel sorrindo— que, en lugar de ir pra adiante vai pra atrás... Ou ten medo ó movemento nacional que hai hoxe en Galicia ou non che mo esplico, vamos.

—¿Tes algunha proba?

—Unha das probas está no da marcha sobre Xove. Mira, as Comisións Labregas de Xuances fóronlle pedir que asistira á marcha e el dixo que nada: «por favor, dixo, non me pidades iso».

Valcárcel asegura que, os homes da Igrexa que deberan atoparse máis a carón do pobo galego, ó millor resulta que están un pouco «entrapados» no tinglado político artellado, dende sempre, a nivel do Estado español:

—Iso está claro. Aínda que, polo demáis, hai que entedelos tamén un pouco debido á formación que reciben no Seminario.

—¿Cál é esa formación?

—No Seminario educante pra ser «crego do mundo», así, en abstracto. E, pola contra, está claro que non te educan pra ser, sinxelamente, *crego galego* e comprometido co pobo en Galicia. A Teoloxía

é unha Teoloxía abstracta. A Moral é unha Moral abstracta...

—Pro, en Galicia está claro, a Igrexa nítrese de homes procedentes do agro, do campesiñado.

—Sí, sí... Está claro. Pro son, coma lles eu chamo, desertores do arado.

—¿Isto non é moi duro?

—Non, porque entón desclasáronse. Claro, coma o crego é xa



YANEZ

unha categoría social, pois desclasáronse e remataron por despreciar, en certa medida, ó mesmo pobo. Mira, denantes dábanse feitos que, ó millor, agora xa non se dan, ogallá... A min pasóume, por exemplo, que nunha aldea tiñan un fillo seminarista: pois ben, o fillo seminarista chegaba hastra a cear de distinta maneira cós mesmos pais, cá familia, porque, claro —suliña Moncho Valcárcel con sorna— ¡era o fillo estudado! Mira, son homes que desertaron do arado, deixárono

e déronlle, totalmente, as costas ó seu pobo.

OS CREGOS MALDITOS

—Con todo, Moncho, hoxe están a medra-los curas que asumen unha función política popular e, en casos, levan adiante unha verdadeira loita popular...

—Sí, é ben certo. E tanto é así que, eses, son uns verdadeiros cre-

gos malditos. Ben, eu chámolles así porque son verdadeiramente malditos: malditos pola banda da Xerarquía e, en parte, malditos pola maioría dos cregos metidos na estrutura actual da Igrexa. E son malditos dunha maneira obxectiva, con feitos concretos. Hai unha historia anterga en Ourense, aquel grupo de curas do Ribeiro, traballadores polo pobo... ¡Os cristos que tiveron co bispo Temiño! Era o ano sesenta e tantos e tiveron que coller e largarse todos de alí. Simplemente traballaban concienciando ó pobo, abríndolle-los ollos pra machacar nos caciques e na mesma estrutura que está a nos premer. ¡Bo cristo tiveron aqueles curas do Ribeiro!

—E, a todo isto, Ramón, ¿non se ven posibilidades de cámbeco pra axeita-la Igrexa á realidade galega?

—Home, eu coído que sí. Pro, primeiro, habería que tirar co tinglado da Igrexa que temos eiquí en Galicia. Unha vez que todo ese tinglado fora desaparecendo, por exemplo, eiquí en Sésamo, na miña parroquia quedarían, por exemplo, dúas familias —«somentes dúas ou tres familias», comenta— auténticamente cristiás.

—¿Entón?

—Sí. E un labrego de eiquí, un obreiro, sería o que se encargaría de atender ós Cultos desas dúas ou tres familias verdadeiramente cristiás. Entón sí que habería unha Igrexa verdadeiramente galega. Pro o caso sería non impoñer ós curas dende enriba, claro, porque namentres os curas veñan impostos dende o cumio andaremos sempre na mesma.

—Se a maioría non é auténticamente cristiá, ¿qué relixión practican, se é que a practican?

—Home, non, non a practican, certamente. Chámalles agnósticos ou eu qué sei. Eu ateos non lles chamo porque non o son.

—E falando dos Cultos, en medio de tanta probeza, con ese aparato espectacular e de ornamentación que a Igrexa ten ¿ven a conto nesta sociedade, probe, desenvolvida, miserábel...?

—Eu penso que sí, mira. Está o caso dos difuntos, a profunda veneración que eiquí hai ós mortos —«veneración —di— que eu comparto tamén e respeto»— pro ¿qué pasa?

—Sí, ¿qué pasa?

A CONTA DOS DIFUNTOS

—Pois pasa que os cregos veñen e, ó final, viven á conta dos difuntos. Veñen e montan uns funerais grandiosos, cinco, seis, sete ou máis cregos ós que hai que pagar, claro, catrocentas ou duascenas pesetas segundo as zonas. E a xente os pide, ese é o caso. Entón, claro, do que se trata é de educar á



YANEZ

a utilizar, se se fala na Eucaristía non é máis que por un puro oportunismo.

DESERTORES DO ARADO

—¿Falamos da Xerarquía?

—Mira, a Xerarquía que hai en Galicia non che é tal Xerarquía, vamos. Porque, mira, o arcebispo de Santiago —«despoís —dime— pos ti ahí o que che dea a gana»—

xente pra que xa non os pida, que non pida unha chea de cregos, que o enterro o faga a parroquia mesma cun individuo que sexa creio pro que, tamén, sexa veciño, un veciño máis da parroquia.

—En Sésamo ¿qué facedes cos mortos?

—En Sésamo, se témo-la desgracia de perder un veciño, non se nos ocurrirá xa chamar máis cregos a parte ningunha. Avísanme a min e vou a busca-lo cadavre coma un veciño máis e logo facemo-lo funeral e máilo enterro entre nós e nada máis...

—Logo, o caso non é máis cregos ¿non?, senón cregos vivindo en vecindade no pobo.

—Claro, O grave de todo é que, eu vexo, dáse o feito de que a Igrexa... ¡sempre oprimindo, carafío! ¡Sempres oprimindo! E hastra ves en aldeas —«eso é indignante, vaia», Valcárcel non sorrí, grave— eso das *oblatas*, dos *ovos de Pascua*... ¿E din que isto está a se acabar en Galicia? ¡Se hai parroquias, perto de eiquí, nas que o cura anda agora mesmo recollendo de casa en casa as *oblatas* e máilos ovos! ¿E din que isto se acaba? Tanto de millo, ¿sabes?, tanto de trigo... de casa en casa. ¡E indignante! ¡Iso é inconcebible! ¿Iso que é?

—Mais as altas esferas eclesiáis din que diso xa non hai...

—¡As altas esferas! ¡Claro que o din as altas esferas!

—Entón ¿qué hai? ¿As xerarquías están desconnectadas da base ou, en realidade, o que pasa é que lles deixan total iniciativa pra facer destas cousas?

—Sí, déixanlles libre iniciativa. En troques, ós cregos que están, eu non digo que «despertando» ó pobo, pro que sí están co pobo... ¡A eses, madeiral! ¡Vaia se lles dan madeira! porque, seica, «non están unidos á Igrexa universal, fan Eucaristías que non son Eucaristías da Igrexa universal», etcétera. En cámbio, ós outros...

—Por ahí coas oblatas. ¿E, a Ramón Valcárcel, non lle fan regalos os veciños de Sésamo, algún «regaliño»?

—¡Nunca! Non, iso non existe eiquí.

—¿Traballóu Valcárcel na terra algunha vez?

—Sí, traballéi eiquí ó chegar e paséinas canutas —o cura de Sésamo pónse ledo— poñendo as patacas ou sachando no millo ou, despois, traballando nas toradas, coa madeira...



UN CRISTO SEN CLASES

—Resumindo, que o crego rural galego vive a conta do pobo ¿non?

—Clarísimo. E pra que os curas deixen de se-lo que hoxe son, serán os mesmos labregos os que os obriguen a iso. E cada vez máis porque, se o labrego xa estaba despoerto, agora aínda máis. Denantes, tíñalle medo ó crego, ó número da Guardia Civil... tíñalle o mesmo medo a ún có outro. Mais agora xa non e, non cabe dúa, os cregos rurais van ter moito que cambear, sobor de todo os máis novos.

—O caciquismo entra moito cos cregos no agro, ¿certo?

—Os cregos sempre foron, con excepcións, os aliados, os representantes do caciquismo en moitas parroquias. Xa se sabe aquilo, nas vilas, do médico co sarxento da Guardia Civil e máilo crego xugando todos co boticario... E iso non é somentes unha imaxe. Por exemplo, prós informes de boa conduta, os gardas civís falaban denantes co cura pra saber do veciño interesado, por aquilo de saber se ía á Misa ou non...

—¿Co cura de Sésamo fala a Benemérita?

—¡Non, oh! A Guardia Civil comigo non fala, home —Valcárcel fai un xesto coa man, coma se bota de sí unha pantasma que lle andivera diante dos mesmos ollos—. Mira, ós cinco anos de chegar eu a Sésamo, por unhas xuntanzas que tiven cos labregos, a Guardia Civil chegou a me arrodear a casa. Estiveron tres meses nas mesmas, arrodeando a casa, os gardas civís e máila brigadilla.

—¿E agora?

—¡Non, agora non, home!

—O millor algún chámache comunista. O Vaticano, seica, non admite de ningún xeito ó comunismo e menos, claro, nos curas. ¿Qué problemas ten un crego con certas

ideas socialistas ou mesmo comunistas?

—¡Boh, xa se sabe ónde está a Igrexa, a Igrexa xerarquical! E, só, un apoio do capital. Se nós temos problemas, iso é un problema prá Xerarquía, non pró cura que loita polo pobo.

—¿Non se plantexa a posibilidade de que, algún día, boten da Igrexa ó cura de Sésamo?

—Sí que se plantexa... pro, no meu caso, polo menos eiquí, na diócese de Santiago, non penso eu que o vaian facer.

—Pro, vosoutros, non sodes un crebadeiro de testas prá Xerarquía ¿ou sódelo?

—Sómolo, sómolo e grande. ¡Dende logo que sí! Pro á Igrexa hai que transformala dende dentro da súa estrutura. Non digo que haxa que tiralo abaixo, non: eu sempre digo que temos que esnaquiza-las estruturas actuáis pra transformala a Igrexa.

—Marxismo. Eres marxista ¿non? ¿Qué lle pasa ó cristianismo co marxismo?

—Mira, cando os cristiáns falan do «reino dos ceos» eu penso que, iso, é chegar —polas loitas do pobo— a unha verdadeira presenza de Cristo no mundo. Pro entendendo esa presenza de Cristo non coma un feito físico senón, pola contra, coma unha chegada, ó final, a unha sociedade sen clases. Sen explotadores nin explotados. Eu, eiquí, en Galicia, é polo que loito. Eu interpreto o Evanxelio neste senso. Eu vexo a Cristo coma un home, de acordo coa capacidade do seu tempo, que se puxo a carón do pobo e que loitou, coído eu, por unha sociedade sen clases.

Valcárcel engade: «O triunfo final será unha sociedade sen clases. Aquilo será a nova chegada de Cristo ó mundo».



Se quiere seguir tendo

unha **teima** independente,


¡¡suscríbese!!

NOME	_____
DOMICILIO	_____
POBOACION	_____
PROVINCIA	PAIS _____

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA
(Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

XEITO DE PAGO: TALON ADXUNTO N.º _____
 XIRO POSTAL N.º _____
 IMPOSTO EN _____ DATA _____
 CONTRA REEMBOLSO



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos
Sr. Director de
Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con carácter de miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publicacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA.


Atentamente,

NOME	_____
DOMICILIO	_____
POBOACION	_____
PROVINCIA	PAIS _____

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA
(Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

XEITO DE PAGO: TALON ADXUNTO N.º _____
 XIRO POSTAL N.º _____
 IMPOSTO EN _____ DATA _____
 CONTRA REEMBOLSO



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos
Sr. Director de
Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con carácter de miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publicacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA.

Atentamente,

Catro partidos

Ocupan hoxe esta tribuna política representantes de catro partidos políticos: os mesmos que foron entrevistados no anterior número de TEIMA. Anque eles refugan ser clasificados dese xeito, a súa posición no ábano político do país e do Estado situaríase entre o centro e a dereita que alguén deu en chamar civilizada. As siglas que acompañan ós nomes corresponden ó Partido Popular Ourenán (PPO), relacionado a nivel estatal co Centro Democrático; Partido Popular Galego, membro do Equipo Demócrata-Cristián; Partido Demócrata Galego, na esfera dos liberáís do Estado, e Partido Galego Independente. O artigo incluído no anterior número excúsanos de presentar novamente ós persoeiros de cada grupo.

Humanismo comunitario

Carlos Baliñas (PPG)

A definición dun Partido Político somentes a poden da-los documentos oficiáis emitidos por el. Ora, cada membro pode e ten dereito a presentalo ó seu xeito, contando sempre con que esa presentación nin é a única posíbel nin compromete máis ca a aquel que a emite.

Prá miña maneira persoal de ver as cousas, convén que, aínda dentro do ámbito galego, haxa máis dun Partido. E isto tanto porque así cada cidadán teña posibilidade de opción según o seu gusto como tamén pra que o pluralismo neutralice o perigo da dictadura dun Partido Unico. Nembargantes, parece tamén indudábel que na hora presente cómprelle a Galicia que haxa un Partido con capacidade de convocatoria ampla, quedando os demais pra sectores máis determinados ou pra persoas máis marcadas ideolóxicamente. Xoga moito o país neste intre pra que esfrangulle unha forza que somentes acadará se sabe unirse e rexeita-lo minifundismo político.

Coido que, hoxendía, o PPG está en condicións de facer ese gran chamamento. Estas son as razóns

principáis: 1.ª) que presenta un mínimo de ideoloxía (somentes os principios dun humanismo comunitario e personalista); 2.ª) que ese mínimo coincide cos principios básicos do cristianismo tradicional no noso pobo, sen que por iso sexa un partido confesional nin queira te-la exclusiva da interpretación política do cristianismo; 3.ª) que rexeita os métodos violentos; 4.ª) que presenta homes novos pra unha era nova; 5.ª) que pode e quere recolle-la herdade do antigo Partido Galeguista. Non por casualidade ergueira mesma bandeira —azul sobre branco— sen máis adovíos e pode facer seus os textos de Risco e máis de Castelao sen engadirles nin quitarlles nada.

Os devanditos principios permítenlle propugnar no *orde político* unha democracia pluralista e máis unha constitución federal; no *orde social*, un sistema que rexeita o capitalismo en canto xerador de profundos desequilibrios económico-sociais, pro mantén o principio da libre iniciativa creadora dentro dunha economía concertada na que o sector público debidamente fortificado asegure o xusto equilibrio das forzas produtoras e poña ó servicio



VILASO

da comunidade os instrumentos do poder económico; no *orde cultural*, a potenciación da cultura galega e de todo o enxebre, e todo isto non por un adovío pintoresco, senón como un dereito histórico e como unha realización natural da propia identidade colectiva.

Se se quere a Galicia, compre tamén querer «facer Galicia». E «facer» dun xeito eficaz aquí e agora. O cal require saber escalona-los propósitos, non sexa que por demanda-lo utópico perdámo-lo posíbel. O PPG ten conciencia de ser capaz de realiza-lo que promete, se os galegos o apoian.

Ei-la razón básica de que alguén que é e quere seguir sendo intelectual ceibe, se comprometese, nembargantes, nunha política de partido, porque o compromiso non significa perda, senón realización da liberdade. Neste país e nesta hora todos resultamos imprescindibeis.

A iniciativa p

Victorino (PDG)

O Partido Demócrata Galego, desde o ideario liberal que o inspira fai parte pola dignidade da persoa humana perante calquera instancia e situación. E un partido humanista e polo tanto persegue un desenvolvemento total, ó máximo, da persoa, afastando de si o término clasicismo e abríndose a tódolos estratos sociais.

O Partido Demócrata Galego é defensor a toda costa de todas e cada unha das liberdades do individuo: manifestación, expresión, prensa e iniciativa privada. Cre que a iniciativa privada é a clave do de-

A resposta do

Perfecto (PGI)

No vran do 76, un grupo de galegos de diferente procedencia, idade, profesión e situación social, xúntase coa decisión de estudia-lo futuro político galego e ve-las posibilidades de formación dun grupo que sexa unha forza política representativa dentro da rexión e, ó mesmo tempo, voceiro dela fronte ó centralismo.

Esta preocupación pola rexión calla políticamente no mes de nadal coa aparición pública nos medios de difusión dunha declaración de principios do recién nado Partido Galego Independente. Esta declaración de principios constitúe o ideario do PGI, sendo á vez un marco ideolóxico axeitado ás distintas concepcións políticas calíficabeis dentro da liña do centro político, así coma a directriz prá solución pragmática e realista dos seculares problemas que aqueixan a Galicia.

Quixeramos recalca-lo intre da

Privada como clave

Rosón



VILASO

envolvemento de Galicia, pro non admite o calificativo de capitalista porque está moi lonxe de permitir os abusos do capitalismo liberal do século XIX. Por isto, arbitra fórmulas que fagan posíbel unha redistribución das rendas a través da Reforma fiscal e da Política presupuestaria. Cre que a iniciativa privada ten de chegar a tódolos estamentos sociais e non ser privilexio de ningún.

Propugna unha racionalización do campo de tal xeito que o campo galego, agricultura e ganadería, cheguen a ser rentabeis. A través do crédito barato ó sector e mediante unha transferencia de rendas dos outros sectores ós da agricultura e ganadería.

O P.D.G. toma como ún dos seus puntos programáticos fundamentais o regreso de todos e cada ún dos emigrantes galegos a Galicia, a un posto de traballo na súa terra.

Por mor disto hai que industriali-

zar Galicia. Non a calquera custo e non destruíndo o seu sistema ecolóxico. Tampouco a través dun sucursalismo económico. Potenciarémo-lo desenvolvemento galego e non permitiremos que os beneficios do traballo galego emigren a outras rexións españolas.

O PDG defende a libre competencia e o antimonopolismo. O monopolismo leva consigo unha prepotencia diante do individuo que orixina unha situación de escravitude diante dos produtos do monopolio. Aniquila a libre e lícita competencia, a liberdade dos precios e o mercado.

Pra nós Galicia é unha rexión autónoma dentro do Estado Español e concebimos a España como un conxunto plural formado por tódolas súas rexións autónomas. O que está moi lonxe de significar disgregación e descomposición española. Somos tan españois coma galegos e tan galegos como españois, sen orde de prioridades establecido. Neste senso, somos federalistas porque coidamos que o federalismo nos ofrece armas prá defensa da liberdade e do desenrolo de Galicia e de España moito maior cos estatutos de autonomía.

PGI

Yebera

aparición desta declaración de principios. Como todos saben, o 15 de Nadal do 76 España pronunciase de forma clara sobor do seu futuro político mediante un referéndum nacional. Este feito cambea a democracia orgánica pola democracia inorgánica; isto é, devólvese a soberanía ó pobo e fano partícipe e creador do seu destino; é decir, e en definitiva, instáurase a cal xurídica prá verdadeira democracia, a democracia participativa mediante unhas Cortes eleixidas por sufraxio



VILASO

universal, igual, directo e secreto de tódolos cidadáns. Pasamos a ser isto: cidadáns en lugar de súbditos.

Pois ben, a aparición do PGI públicamente ó traveso dos medios de comunicación o 29 de Nadal do 76 non significa outra cousa que que o PGI nace volcado cara ó futuro. E decir, nace libre, é independente de calquera atadura ou velleamento a 1976, e igualmente a outra data clave na nosa historia contemporánea, a 1936.

Nace volcado cara ó futuro porque pretende ser pra Galicia unha resposta nova que resolva de xeito concreto e tanxibel os problemas de Galicia. O PGI non quere perder o tempo en discusións dialécticas coma esas nas que se enlean os protagonistas anteriores ó 1936 e os protagonistas posteriores a 1936. Ou o que é igual, de aqueles que esquenceron que o tempo pasado é historia e non saben ou non queren no tempo presente mirar ó futuro. Concretando, o PGI o que non quere é o enfrentamento dos españois, dos galegos en dous únicos bloques opostos. En definitiva, o PGI quere ser, pretende ser, coa axuda de tódolos galegos e de cantos estean velleados a Galicia un partido novo pra unha Galicia social e democrática, baixo o marco dos principios ideolóxicos formulados na súa Declaración de Principios.

A Europa Occidental como modelo

Euloxio Gómez Franqueira (PPO)

O Partido Popular de Ourense defínese como partido democrático nunha posición de centro, fóra dunha dereita continuista e dunha esquerda de inspiración marxista. Dentro desta ideoloxía, propugna unha ampla autonomía provincial enmarcada na problemática xeral de Galicia.

Defendemos unha democracia na que se integre o pobo como protagonista a traveso da participación en tódolos grupos sociais con responsabilidade e dignidade. Dignidade diante da lei sen distinción de orixe, sexo, estado e relixión, obstando os mesmos dereitos, con libre acceso ós bens materiais e da cultura. No terreo económico, o PPO é partidario dunha economía social de mercado semellante ó modelo que existe na Europa Occidental. Entendo que dito modelo fai compatíbel o respecto da iniciativa privada e a liberdade de empresa coa existencia dun sector público tan forte como sexa necesario en cada caso, que deberá ser controlado democráticamente.

En consecuencia, o Estado debería asumir un papel activo e dinámico na economía, asegurando o pleno emprego, millorando a calidade da vida e evitando que certos sectores poidan ser monopolizados




VILASO

por individuos ou grupos. Unha reforma fiscal en profundidade, inspirada nos principios de imposición directa e progresiva, servirá de apoio a unha política social que reduza as diferencias de rendas e que asegure unha xusta redistribución dos bens.

Debe promoverse o acceso de todo cidadán a unha vivenda digna, eliminándose a especulación do chan e socializando, na medida precisa, o chan urbano e urbanizábel. En materia educativa, abogamos polo dereito de tódolos españois a unha educación homoxénea e gratuita até os dazaseis anos, así como pola liberdade do ensino co conseguinte dereito dos pais a eleixila educación dos seus fillos.

resto do mundo



Zaire:

O ano da negritude

Namentres os rebeldes katangueños operan, na reviravolta da guerra de guerrillas, en unidades cun reducido número de combatentes en cada unha delas, as dimensións internaciónais do conflito no Zaire medra día a día. Lucio Lara, dirixente marxista da República Popular de Angola, acusa directamente ó mesmo Mercado Común Europeo: «A participación armada de Francia na Guerra do Zaire —decía pouco despóis de que se soubera da decisión

Cando, dende novembro do 76, Cuba mandou homes armados coma axuda ó MPLA (Movemento prá Liberación de Angola) de Agostinho Neto, fixérao en nome do chamado «internacionalismo proletario». Agora, Marrocos —co apoio verbal chino—, Sudán —que, considera a súa seguridade nacional «afectada directamente» polos acontecementos do Zaire—, Exipto —que, tendo un tratado de seguridade militar co Sudán, fará o mesmo—... seguramente Túnez, Costa do Marfil, Gabón e outros países amigos do xeneral Mobutu afirman que a intervención marroquí en Shaba débese ó «internacionalismo africano». Entre internacionalismos, pois, repártense as barallas. Dous internacionalismos que son, en resumidas contas, a referencia directa da política de bloques: capitalismo e socialismo, unha vez máis, fronte a fronte.

O Zaire plantexa, agora, un problema de reelaboración das estratexias. En tanto USA asegura que o seu desexo é estabilizar a situación zaireña (curiosa «estabilización» cando, apoiando por unha banda a Mobutu, semella xa confirmada a noticia de que a mesma CIA norteamericana, é, polo menos indirectamente, responsábel da invasión do Zaire polos rebeldes katangueños), a guerra leva á Comunidade Económica Europea a un novo intento de definir unha liña de acción africana. En Moscú, tamén, estase a perfilar tamén unha nova estratexia en África logo das recentes conversacións entre a troika soviética e máis Fidel Castro e o líder palestino Arafat.

En medio, cos seus xigantescos tentáculos, coma nun novo e dramático dameiro, os intereses das grandes multinaciónais e as riquezas africanas... Todo en xogo nunha nova África que desperta e tenta por se facer dona dos seus propios destinos no contexto mundial no neocolonialismo. O conflito do Zaire ven a ser, un pouco, coma un estimulante test militar e político pró continente da «negritude». A guerra entre Mobutu e os rebeldes katangueños anuncia, agora, o que xa alguén veu a chama-lo «ano africano».



O XENERAL MOBUTU E ACLAMADO NO ESTADIO DE KINSHASA

Brasil:

Os xendarmes de U.S.A.

Durante un receso do Congreso do Brasil —ordenado o pasado primeiro de abril polo presidente, xeneral Ernesto Geisel— o poder executivo aprobou unha importante reforma xudicial. Importante, sobor de todo, pró partido oficialista ARENA (Alianza Renovadora Nacional): con estas modificacións, o actual réxime político brasileiro ten claramente garantizada a súa permanencia no poder hastra, polo menos, 1985. Todo, a pesares dos intentos —vanos— da oposición democrática encadrada no chamado Movemento Democrático Brasileiro, organización que agrupa a democristiáns e socialistas xunto de conservadores, moderados e todo tipo de oposición ó militarismo parafascista vixente no Brasil.

O Brasil —xendarme USA en latinoamérica— tenta, deste xeito, perpetuar a axuda militar e institucional norteamericana na loita contra dun xigantescos pobo cada vez máis inqueda politicamente. No Brasil, aínda máis por veces, as forzas reaccionarias comandadas polo xeneral Geisel deben, mesmo, a súa crescente existencia á axuda prestada por Norteamérica, debida, sinxelamente, ás propias necesidades do imperialismo estadounidense en Latinoamérica fronte dos distintos movementos de liberación nacional. No Brasil, país de grandes contradicións e desequilibrios económicos interrexio-



ERNESTO GEISEL:
Servir a USA, xeneral

nais —onde medra a opulencia dalguncha zona xunto da miseria doutras— é inevitábel a conclusión:

O xigantescos desperdicio dos recursos económicos vai encamiñado ó mantemento de inmensas instalacións militares. Contra do que se poldera maximar, estas instalacións non veñen dicitadas —como sería lóxico— pola existencia de ameaza exterior ningunha. Pola contra, a atmósfera de perigo e inestabilidade política é fomentada institucionalmente unha e outra vez co simple obxecto de facilita-la existencia permanente de réximes políticos dos máis reaccionarios. Neste contexto, as forzas armadas do Brasil sitúanse nun estricto papel represivo cara á supresión dos fortes movementos populares que, no interior do país, loitan pola liberación social e nacional. A prórroga hasta 1985 favorece esta situación. Detrás, sempre, os USA. O «Tío Sam», agora, chámase Carter.



Os puntos sullñan o lugar das máis importantes minas de cobre do mundo. (Fonte: «Cambio 16»)

do devandito país a entrar no enfrentamento africano é só o comenzo dunha intervención moito máis ampla dos países integrantes da Comunidade europea de Angola».

Pra Lucio Lara, de acordo cos rebeldes katangueños que infadiron a provincia de Shaba, a guerra da antiga Katanga é algo localizado e falsamente internacionalizado: «E —engadíu Lara— o prólogo dunha verdadeira invasión occidental contra da ex-colonia portuguesa, Angola». O certo é que, logo de Francia, Alemaña Occidental xa comenzo nun recente interés pola situación do Zaire— a súa introdución no problema mediante duns chamados créditos e «axuda humanitaria» ás tropas do xeneral Mobutu. Tamén, sábese xa que a CIA estadounidense apoia francamente a Mobutu namentres a CEE e málla OTAN están a expectativa diante da ampliación do conflito.



Os monumentos etnográficos do noso País seguen en perigo. Non todo poderá aquelarse cun futuro Museo. Hai que protexelos aquí e agora. Poida que os cabazos en piornos ou canastros —os máis protexidos— estean xa a salvo. Os muíños de auga xa cumpriron a súa función e están a entonalo miserere. Que dentro de pouco ninguén teña que face - lo acordo de que na Terra de Soneira morreron.

Os derradeiros batáns

X. M^a LEMA

Kilómetro e medio a pouco de deixar Baio, vindo da banda da Coruña cara a Fisterra, á dereita, cáseque non se divida unha desviación aberta por entre os piñeiros; asfaltada, mais estreita e curvada, coma que foi feita a partir dun antigo camiño carreteiro. Baixando pola estreita pista, volta a volta, ó pouco tempo vaise bater a rentes dunha pontella que une as marxes do río do Porto ou río Grande, que fuxira da nosa mirada á saída de Baio. Dende alí ofrécese ós nosos ollos unha paisaxe natural e artificial: mesturadas. Na beira de- reita e ó fondo, seguindo o sentido da corrente —agora precipitada por unha pendente pedregosa—, a impresión xeométrica do sistema de estanques rectangulares dunha piscifactoría, neste lugar instalada dende hai algún anos. Tamén na mesma beira, xa máis perto da pontella, dúas grandes casas labregas con tódolos accesorios, integrantes do seu ruído: os cabanotes, os cabazos, a eira... E enfrente delas, a carón do río e entre abeneiros e gamallos, chaman a atención unhas modestas arquitecturas arcaicas —rebos, cachotes e barro; paredes sen rachear— que cobillan muíños e batáns, interesantísimos mecanismos que protagonizaron un importantísimo posto na historia sempre esquivada, do pobo galego.

O MOSQUETÍN

A este lugar, de extraordinaria beleza natural, chámalle O Mosquetín. Estas dúas casas illadas no medio do monte e par do río, de vida pouco menos que autónoma, pertencen á parroquia de Salto, do Axuntamento de Vímianzo. Este río, que viramos discurrir mainamente pola agra de Baio, adquire aquí grande rapidez o ter que se abrir paso por unha foz sementada de penas redondadas pola acción erosiva da auga.

Os batáns van ocupar, logo, o centro da nosa atención. Tamén os muíños son interesantes aparellos etnográficos, pro aínda hoxe son relativamente abundantes en calquera cornecho da Galicia. Quen sabe se mañá poderemos deci - lo mesmo: son moitos os que xa se observan abandonados nas beiras dos ríos e regachos, cos tellados fundi-

dos mentres que as edras e málas silveiras devoran as estartaladas paredes. Pasa que, os labregos, como é natural, así que poden mercar un eléctrico máis cómodo e servicial, como pra telo instalado na propia casa.


No Mosquetín hai tres batáns. Baixo o mesmo teito a tríada. Tal vez sexan os derradeiros que aínda quedan na Galicia. ¿Que que é un batán e pra qué serve? Hoxe é posíbel que para moi pouco. Mais, aínda non pasaron moitos anos do tempo en que a súa colaboración pró correcto desarrollo da nosa vida rural, afeita ó autoconsumo e á autotransubsistencia, era imprescindible. Esas mantas de liño ou de la, ou os tecidos destinados a soportaren a chuvia ou o frío precisan, despóis de ben limpos e fiados e de empapalos en auga, de mazarlos moitos —función de que se encarga este aparello— hastra formar un perfecto conglomerado ou empastamento coma un feltro. Esta operación constitúe a preparación final dos tecidos.

Noutro tempo era das industrias rurais máis importantes, non só prós lugares do arredor, xa que —aseguran os patróns bataneiros, que moran nunha das casas— antes recurrían ós seus servizos xente do Xallas, de Bergantiños, e aínda de perto de Noia. Teñen tamén a súa historia documentada: o famoso economista Lucas Labrada, ilustrado galego de fins do XVIII, na súa «*Descripción económica del Reino de Galicia*» (1804) fai mención deles coma unha pequena pero importante industria da bisbarra de Soneira (páx. 55 e 88). ¡Xa chovéu dende aquela!

Se vostede se achega por alí, requirindo a indudábel amabilidade dos donos, eles non terán inconveniente —penso eu— en deixarlle ve - lo seu tesouro. Construídos dunha madeira forte e resistente, sen precisaren nin un só cravo nos axustes das súas pezas: apértanse unhas ás outras a presión, contando cos únicos auxilios de cuñas, tornos e pescuños de madeira.

A MECANICA DO BATAN

Sobre unhas grosas e resistente trabes érguese a «*mesa do batán*» (a) que



deixa abrir pola parte central unha cavidade —«*a pia*» (b)— onde se colocan as mantas ou tecidos pra ser mazados. Pendurados dunhas «*cavillas*» (c) apousadas nun sistema de postes articulados na parte superior, baixan dous longos madeiros, «*as almancas*» (d), que terman, pola parte inferior, de cadanséu cepo prismático de madeira tamén, que se chaman «*as manlles*» (e), achatadas en plano inclinado pola parte en contacto coa pia. As cavillas funcionan a xeito de bisagras das almancas que oscilan coma péndulos, alternándose armoniosamente. A forza acadada pola calda alterna de cada unha destas pesadas manlles xemeas efectúa o traballo de mazar ben o pano, hastra conglomeralo como é de rigor.

A forza motriz capaz de erguer estes pesados cepos ven dada pola «*enerxía hidráulica*». Dunha presa construída con este propósito no leito do río, xorde un brazo lateral que conduce as augas ás canles (k) dos muíños e dos batáns. As «*turbinas*» duns e doutros son uns «*rodicios*» ou rodas contorneadas por un rosario de paletas cuncas —«*as penas*» (g)— que reciben o violento chorro continuo da auga precipitada en abanqueiro dende as canles. O rodicio do muíño vai horizontal ó chan, por debaixo do edificio. O do batán está dentro e colácase verticalmente (f), adosado a ún dos extremos do grosso eixe (h) atravesado pola parte central por dous anchos e agresivos tablóns —«*as elevadoras*» (i)— que presentan lateralmente un perfil en aspa, anque realmente están en distinto plano, lixeiramente arredadas ún do outro. Cada brazo de cada tablón que soborsae do corpo de eixe coincide coa prolongación inferior das almancas, por debaixo das manlles: as «*zapatas das almancas*» (l). O bater, sen pausa, da auga contra as penas imprime ó rodicio un potente movemento xiratorio, no sentido das

agullas do reló, que fai move - lo eixe, e con el as elevadoras, que petan —unha agora e a outra na súa vez— na súa correspondente zapata, obrigando a que a manlle receptora do impacto se erga en aire pra despóis caer con toda a forza contra a pia, mallando no pano colocado nela. A outra manlle, que xa deu o golpe, está nestes intreos a termar dese pano no fondo da cavidade, agardando o seu novo turno. Deste xeito, a acción ten de ser continua e armoniosa, moi rápida, de retumbante espectáculo auditivo. ¡Quen non se acorda do medo que collera Don Quixote naquela conocida aventura!

¡O PROGRESO, MEU HOME!

Os consabidos adiantos industriais non deixan lugar, no mundo de hoxe, á lentitude artesana destes ancestrais inxenios. Tampouco os do Mosquetín funcionan xa: quedan escasos clientes... mesmo a auga que alimentaba as súas canles foi vendida á piscifactoría cando esta se instalou. Subsisten coma xoias etnográficas, coma monumentos - testigos da vida e necesidades dos nosos devanceiros, gracias ó especial cariño e á boa vontade dos seus propietarios, os vellos bataneiros que ben precisarían dunha axuda pra teimar na conservación.

Unha agradábel excursión. Ademais, o señor Evaristo e a súa dona teñen mesmo enfrente unha típica tasca do país (típica - típica, non inventada de agora) onde pode vostede papar unha tranquila e succulenta «*chea - orxía*» de sabedoras troitas, criadas na mesma piscifactoría... ou pacientemente pescadas á miñoca no propio río. Troitas, meu home, de fama, case, case... cáseque universal.



Os atentados, dentro



Os rapaciños non poden xogar nas prazas vellas ó fútbol. Díxolles o señor garda que tiñan que respecta-las pedras, por seren cousas de moitos anos e porque, co conto do turismo, facían deixar bos cartiños na cidade.

Pinta de antergas de non seren falsificadas tamén a teñen as pedras do patio do Colexio Maior «San Agustín», de Santiago de Compostela. Pro xa se ve o que son as cousas: o que non se lles permite ós nenos da escola, faino toda unha residencia pra universitarios que, porriba, disque é un dos centros máis caros e un dos que máis comodidades ten.

Líster



Namentres todo é festa pra algúns, pra outros —coma Enrique Líster, secretario xeral do Partido Comunista Obrero Español (PCOE)— a longa noite de pedra está a seguir con certos visos de interminabilidade. Líster segue alá, na Francia, agardando a que, dalgunha maneira, lle chegue a el tamén a amnistía de nunca acabar e, con ela, a posibilidade da volta á casa. En Calo (Santiago), agardan as súas irmás, os amigos, a terra... Namentres todo é festa pra máis de ún, outros, por non ter, non teñen nin o recurso das nostalxias. ¿Quén sabe —por outra banda— se, calquera día destes, don Enrique se achega a Calo disfrazado, tamén, de paragüeiro ou sabe Deus qué? ¿Quén sabe? Eternamente difícil o asunto ese do pasaporte.

O millor, vaia, non cambearon tanto as cousas no país nos meses que van de ano. A esquerda do PC, home, está de mala hora. Nós, dendes eiquí, esiximos pasaporte xa pra Enrique Líster. Despois, cando llo dean, veremos de lle facer unha entrevista xunto a calquera outro político. Por exemplo, Santiago Alvarez. Por pedir que non quede. Máis difícil aínda, isto último parécenos imposible... A entrevista, qué duda hai, carafio, sería de lumieiras. En serio: ¿pra cándo o pasaporte a Enrique Líster?

Mintireiro

Ceo entoldado pra facer bo o refrán aquel de «maio pardo» do que se fala, a piques xa de remata-lo mes de abril. Por pouco tempo xa que, logo, consegue o Sol ir desafiando a celaxe. As mañás e máilos serán moi ledos e mornos aínda que non tanto as noites que, ás veces, de cando en vez a friaxe da brisa morde nas orellas. E, sábese, as orellas sempre foron bos termómetros.

Polo demáis, segundo nos conta esta semá o «Mintireiro», a Lúa está chea no Escorpio ás trece horas e tres minutos. Xustamente. Polo demáis, tamén, e aínda que non lle toca ós de Capricornio, temos un aviso pra lles dar xa que teñen da súa banda á Lúa: esta semá é do peor pra esta xente, do peor, así que fáganse o tolo e digan, os que o sexan, que non son, que son outra cousa, calquera cousa menos Capricornio. A mandar e de nada.

Xeroglífico



Pregunta: ¿Algúns paxaros e os galegos...?
SOLUCION O XEROGLIFICO ANTERIOR
«Xa llo falaréi»

CAITANO Por XAQUIN MARIN





Energía atómica

¡Morte segura!

Tal é a tradución dos titulares do panfleto alemán. A portada é a que vostedes teñen diante e, detrás, ven unha ampla chamada á cidadanía xermana cara á loita contra dos plans enerxéticos da República Federal. Un exemplo, un máis, dos que vimos publicando dende hai varias semás sobor do «ben» que son acolleitas as centráis nucleares pola poboación dos países máis avanzados do capitalismo. Se eles non queren, ó millor máis de ún pensa que nós, agora, por parvos, imos querer por aquilo de non sei qué suposta «industrialización». «Energía atómica ¡Morte Segura!».

¿Está claro?

ATOMENERGIE -



Kommt alle zur internationalen Großkundgebung am 12. 3. 1977, 15 Uhr in Göttingen. Es fahren Busse ab Frankfurt, Beethovenplatz. Abfahrt: Sonntagabend 12. 3. 77, 5 1/2 Uhr. Anmeldung bei den Stadtteilgruppen der Frankfurt Bürgerinitiative, dem RSTA und für Offenbach: Ekhard Hoffmann, Zuckerröhren 64. v. 5. 2. 77. José Matos, Vía de Madrid 5, 5700.



Fraga, Fraga... O pobo non te traga

Tanto o PSOE (renovado) coma Reforma Social Española mandaron, ó Goberno, un comunicado de protesta diante do aparato oficialista do que se ven arrodeando míster Fraga en todas e cada unha das súas andainas pola nosa Terra. A protesta, en realidade, é de todo-diós diante da mameluconería dalgún xerifalte de vila que, por non querer, non quere nin se decata de que míster Fraga, por non ser, non é xa nin director xeral. O caso é que míster Fraga (Fragamanlis, lle chamaron algún día; logo, Fragachet... agora ¿cómo lle chamaríamos?) segue a se permiti-la liberdade, mesmo, de citar ós alcaldes e presidentes de diputación coma se se tratase dun xeneral de non sei qué exército de sombras. Fraga, Fraga, Fraga... o pobo non te traga!

El Correo Gallego

DIARIO DECANO DE GALICIA

O anti-«Correo Gallego»


En Madrid acaba de saír á rúa a primeira anti-revista. Trátase dunha estu-penda actividade dun grupo de feministas casteláns e o obxectivo inmediato é cargar á chamada «prensa de corazón» feminina. O bombardeo cae, de cheo, enriba da primeira bazofia estatal do xénero: o semanario «¡Hola!». De primeiras, pola portada, dá a impresión de trata-los mesmos temas pro, ó poñerse a ler un chisco, as cousas vanse arranxando cunha chispa que mete medo e da moito xenio: de golpe, os pés de fotografía convírtense en cativas ametralladoras e os textos, un tras do outro, son unha verdadeira e antolóxica mostra dos millores dos feminismos europeos.

A directora do novo «¡HOLA!» firma «Simplemente María». A cousa lévana adiante entre tres mulleres, só tres e, ó parecer, hai dabondo. O curioso do caso é que a revista serve de precedente e, miren por ónde, a Santiago —ó millor— nácelle un maravilloso filliño de ser certas as nosas noticias: existe, polo visto, un magnífico proxecto de face-lo mesmo co simpar «El Correo Gallego», e, seica, a sección raíña serían os «anti-editoriais» e máilas anticolumnas do que, na actualidade, en primeira plana, acostumbra a saír baixo da firma do director da devandita publicación. ¡Atención!



Encrucillado

A B C D E F G H I L M



HORIZONTAIS:

1. Parente 2. Dea forma 3. Cada ún dos osos que se atopan soldados ó esternón. 4. Símbolo do sodio. Vocáís. Vulgarmente, pra. 5. Axíña no tempo. Predestinación. 6. O revés, cada ún dos apéndices mamatorios dun mamífero fémia. Dialectalmente, eles. 7. Familiarmente, Manola. Contador. 8. Voz do arriero. Adverbio de lugar. Contracción. 9. Planeta. 10. Nome. 11. Con pronunciación vocálica aberta, madeiro pequeno.

VERTICAIS:

a. Preposición. b. Medida de capacidade xa en desuso (pl.). c. Cans. d. Contracción. O revés, dou cotes. O revés, agora mesmo. e. Manifeste síntomas de certa doenza nos bofes. O revés, morta. f. Con peche de vocal feble, demostrativo. Portuguesa. g. Bai-xa. O revés, metal. h. O revés, febra textil de orixe animal. Un dos fillos de Adán e Eva. Puntos cardinaís opostos. i. Pónmo en pilas. l. Figuradamente, axoto. m. Con pronunciación de castelán-falantes, neste día.

Solución ó Encrucillado anterior:

HORIZONTAIS:

1. Lea 2. Fabis. 3. Cavilar. 4. Pa. Ape. Oc. 5. Teso. Asóu. 6. Onte. Raúl. 7. Aten. Alsa. 8. Al. Efe. Ia. 9. Esmáгаа. 10. Lelos. 11. Soá.

VERTICAIS:

a. Túa b. Pouta. c. Castele. d. Fa. Oeu. SL e. Lava. Emes. f. Eblp. Fa-lo. g. Aile. Egoa. h. Sa. Ara. As. i. Rosalía. l. Cousa. m. Ula.



As «Xornadas do Cine en Ourense» chegaron á súa quinta edición. Un programa ategado de actos e moitas horas de traballo prós que cren neste poderoso medio de comunicación. Inflúe a data da Semana Santa pra que a xente que noutros anos seguía as «xornadas» de xaneiro baixara en número, o que supuxo un déficit dunhas 200.000 pesetas, por canto que as «Xornadas» de Ourense viviron sempre sen subvención, das aportacións do público asistente. A independencia págase aínda coma nos peores tempos. Nembargantes, a programación estivo máis concretada que noutros anos, máis directa e máis radical nos plantexamentos que constituirán un día o «cine galego».

A CREACION DUNHA INFRAESTRUTURA

Nas chamadas «sesións de traballo» chegouse a unha conclusión: as películas galegas necesitan urxentemente unha canle de distribución pra que se conviryan no contacto co público pró que son destinadas en «comunicación». Dende unha análise realista, a situación do feito fílmico no País Galego (distribución, salas de proxección, monopólio empresarial...) explícase só dentro dunhas coordenadas de dependencia. A explotación comercial serve a intereses alleos, polo que sería inxenuo pensar en que poidan ser clientes do noso cine os empresarios —poucos pro poderosos— que teñen acaparado ó espectador galego. Urxe entón a creación dun circuito paralelo, sen rexeita-la posibilidade de entrar algún día na cadea comercial. Este circuito non pode ser outro que o formado por cine-clubs, agrupacións culturais, colexios, asociacións de veciños, teleclubs, parroquias... Os organizadores das «Xornadas», como primeira aportación pra esta normalización, conqueriron perto de cen puntos de proxección en todo o País pra distribución das películas galegas realizadas deica agora.

Pro as condicións técnicas que esixe este circuito paralelo obrigan a escoller entre os diferentes formatos. A inexistencia de salas de cine e polo tanto de proxectores adaptados na maior parte dos lugares nos que as películas galegas van ser visionadas, fan rexeita-lo formato de 35 mm. Serán o 16 mm. —porque é o que ofrece maiores posibilidades en imaxe e sonido— e o Super-8 —como medio amateur por excelencia e formato propio pra experimentos lingüísticos— os formatos que en principio deben acolle-los grupos e realizadores individuais do cine galego prás súas películas. O cal non quere decir que se poñan atrancos á liberdade creativa, porque lóxicamente cadaquén pode servirse do formato que queira, se se lle presentase a oportunidade económica de produción e explotación.

V Xornadas do Cine en Ourense: pola identidade dun país

LOIS POUSA

O de concretar en 16 e Super-8 ven esixido polas condicións socio-político-culturais de Galicia.

Pro tamén se falou dunha segunda línea de análise. A creación desta infraestrutura, chamémoslle «militante», ven esixida ó mesmo tempo pola economía. Hai algún que outro mecenas —e aquí aproveito a ocasión pra nomear a Victor Ruppen, coruñés entusiasta e produtor da maior parte das películas galegas—, pro máis nada. Resulta así inxustificábel o resultado, millor ou peor, que se consegue con películas de 35 mm. como pode ser «O cadaleito», de trinta minutos de duración e case millón e medio de pesetas en custos (por máis que o seu realizador Enrique Baixeras explicase que por vez primeira no cine galego todo o persoal que formou parte do rodaxe cobrase coma profesionáís). Aínda que se pense en Madrid pró seu lanzamento, encadeadas as catro películas que Ruppen produciu en 35 mm. nunha longametraxe, couda que me parece un erro agora mesmo. O cine feito en 16 mm. ten costes moito máis baixos.

Nas «sesións de traballo», que tiveron lugar tódolos días das «xornadas» polas mañás e durante tres horas, coa asistencia e participación dunhas vinte-cinco persoas, e porque o cine galego

foi entendido na andamiaxe dunha política cultural galega chegouse á conclusión de que as pautas temáticas parece que deba ser-las mesmas que aquelas que no plano da realidade acontecen no país. Deste xeito, o documental-reportaxe ou o documental-argumento, sería o xénero co que conectaría un plantexamento nacionalista ideolóxicamente, e de reasunción da identidade que lle é propia, dende unha perspectiva política. O tema de As Encrobas, Xove, Lema, Campobecerros... foi reivindicado pra este tipo de cine. Compre, eso sí, crear ó mesmo tempo unha linguaxe cinematográfica propia, unha estética galega, esixida pola «verdade» do país.

Con todo isto por diante, e porque ademais este cine de actualidade, que na posíbel estrutura de «revistas» podería chegar a interesar mesmo —e por ahí pénsase que é posíbel— ós circuitos comerciáís, necesita medios técnicos dos que botar man en calquera momento, xurdiu a necesidade de pór en marcha un organismo —co sistema que se prefira: cooperativo, etc.— no que se sintan comprometidas persoas do cine, escritores, asociacións, cine-clubs, grupos de teatro... Este organismo promovería grupos colectivos de produción e realización de películas. Con esta finalidade de artellamento, quedou nomeada unha comisión integrada polas seguintes persoas: Xosé Paz (da organización das «xornadas»), Carlos Piñeiro (realizador), Miguel Castelo (realizador) e Modesto Pena. Parece que a primeira xuntanza xeral terá lugar en Ribadavia, co gallo da celebración da Mostra de Teatro Galego.

AS PELICULAS GALEGAS

As películas galegas que se presentaron este ano nas «xornadas» foron seis. Miguel Castelo estrenouse con «O Pai de Migueliño», basada nun conto de Cousas de Castelao. Os «problemas» xurdidos durante a rodaxe fixeron que esta cortametraxe de once minutos de duración, en cor e 35 mm., teña dúas

partes perfectamente diferenciadas (entre as dúas pasaron meses na realización). E unha película feita con delicadeza, pero coxa no discurso narrativo. O efecto crítico non é presentado en imaxes coa claridade suficiente: O emigrante alén do mar que chega envellecido e desfeito, cando o Migueliño agardaba a un pai ben vestido e arrogante. Sorprendeu —isto en xeral pra tódalas películas presentadas— a interpretación, case diría a presenza natural, de personaxes, sen alambicamentos nen poses pra cámara. E sorprendéron as secuencias do desembarco, traslucindo esteticamente —distanciamiento— a repulsa social do feito migratorio. O barco era o nemigo.

O grupo «Imaxe» e coa firma do Carlos Piñeiro, presentou «Illa», en cor e 16 mm. Un argumento sinxelo: os veciños dunha vila mariñeira teñen que abandona-las súas casas, o seu traballo e os medios de subsistencia, porque na illa en que estaban asentados entraron as máquinas produtoras de «acotados», «privados» e «prohibido o paso». Nela erguérase un gran hotel pra «señores» e turistas. As imaxes fan que se recoñeza a illa de A Toxa. No medio unha lineal historia de amor, xustificativa ó noso ver do protagonismo dun mozo que á súa vez —saída pra emigración e volta— concretiza o tempo fílmico. A sumisión da vila non é aceptada por un rapaz, do que a fasquia entolecida será o ataque social ós «donos» da illa. A línea argumental é importante porque recrea unha realidade sen cancelas literarias. Pro as secuencias de xustificación ás que nos referimos antes entorpecen a narración cinematográfica. As panorámicas atrancan a intimidade que lle cumprirla se se tentara forza-la historia amorosa dentro do contexto social, e fan perder interés crítico se, como eu penso, o que Carlos Piñeiro e máilo seu equipo tentaron foi unha descripción-denuncia dos sacrilexios ecolóxicos e polo mesmo humanos e políticos que se están a dar en Galicia.

O realizador Miguel Gato, do que a

«O PAI DE MIGUELIÑO», de Miguel Castelo





«A PONTE DA VEREA VELLA»,
de Carlos Piñeiro

película «A Tola» quixeramos saber onde se atopa logo da desaparición do TOP, levóu a Ourense «O Herdeiro», en 35 mm. e cor. O primeiro que me parece hai que dicir desta cortametraxe é que se trata dun intento fallido. Non se pode meter unha historia, da que as claves temáticas xirarían encol da análise da estrutura de poder dun lugar, nunha cortametraxe de escaso minutado. O que resulta é unha suma de situacións sen máis. Creo que Miguel Gato pode chegar a facer bon cine, pro cómprelle un acercamento á actualidade galega, o que lóxicamente non quere dicir que non siga utilizando relacións feudais ou de confrontacións históricas que a bon seguro están na base da actualidade. De momento, en «O Herdeiro», que con guión menos literario e desenrolado amplamente puidera dar unha boa longametraxe, esa análise das forzas vivas do lugar diante da morte do vello ditador e do viaxe posterior do seu neto que arrenega de segui-la tradición e volta a Madrid, non aparece en ningún.

«O Cadaleito» é unha nova película de Enrique R. Baixeras, tamén en 35 mm. e cor, basada nun conto de Anxel Fole (do seu libro «A luz do candil»). Xa é a segunda vez que este novo realizador se serve de Fole pra contar unha historia filmica. Trátase da venganza do dono dun pazo contra uns ladróns que se valían dun cadaleito pra se introducir na casa dos caciques. O conto literario queda no castigo, namentres que a película, con guión de Francisco Taxés, remata coa morte a tiros dos rufiáns. Mirada en bloque, a película non interesa como tal. Unicamente puidera apuntar claves pra unha estética galega da violencia que é enxendrada polo subdesenrolo. Pro non existe a dialéctica filmica suficiente pra que as imaxes a re-

crearan. Máis aínda: a frialdade teatral dos interiores, unida á fonética empregada na doblaxe —irresistíbel o mesmo que ocurría en «Fendetestas»— fai da película algo semellante a un sainete. Só os exteriores están pensados e conseguidos cinematográficamente. O que non entendo é por qué se gastaron tantos cartos —case millón e medio— na súa realización. Porque o que si é certo é que traballando a bon ritmo, o corto faríase nunha semana, e non nun mes.

Pasóuse «A ponte da vereia vella», película aínda non sonorizada e rodada en 16 mm., branco e negro, do equipo Imaxe. Comprensíbel en imaxes, o que é xa unha garantía do que pode ser como produto acabado. O estudante que deixa a cidade compostelá e o mundo ficticio no que vive, pra se atopar coa súa identidade no lugar no que se desenrolou a súa nenez. Alí mata a súa personalidade irreal pra vitalizala súa existencia e bótalle terra nunha secuencia de connotacións surrealistas. Antóxaseme que o resultado vai ser unhas das películas argumentais millor construída das que se levan feito. Linguaxe áxil e moderna, dinámica e relacional, é dicir, a intimidade temática violenta a niveis psicolóxicos e antropolóxicos, coordínase co tratamento filmico.

Finalmente, un apunte importante, porque o merece e porque foi unha grande sorpresa. Xavier Vilaverde, co equipo Imaxe, demostrou coa película «Semente», rodada en Super-8 e unha hora de duración, que a expresividade cinematográfica ten o camiño aberto a todo tipo de experimentos. Facer nun formato amateur o traballo que presenta nesta película, presupon unha grande innovación con relación ó cine que se realizóu deica agora en Galicia. E

digo cine sen adxetivo, porque o visionado é un produto cinematográfico sen máis, con fortes doses de buñuelismo, pro resolto coa serenidade que é difícil atopar nun rapaz de dazaicoito anos. A cámara móvese o imprescindíbel, conseguindo planos que, aínda que clásicos, causan unha agradábel sensación estética, como a primeira aparición do protagonista sentado nunha mecedora, no cuarto da súa casa. Outra cousa conseguida é a recreación ambiental na que as ideas básicas do film —amor, morte e relixión— se personifican coa súa presenza ó redor dos personaxes. Sóbralle a metade e sóbralle todo o que é reiterativo, pra que a narración sexa clara. O desenrolo argumental parte dos condicionamentos familiares, educacionais e sociais da vida dun estudante novo, radicado na burguesía urbana. Estamos diante dun realizador de cine.

COLOQUIO, DOCUMENTO E OUTRAS COUSAS

Pra rematar esta primeira parte —a referida ó cine galego concretamente— da crónica do que foron estas «Xornadas do cine en Ourense», non quixera deixar de facer referencia ó chamado «documento dos cineastas», nen tampouco á última moite das «Xornadas» na que hastra as tres da madrugada se mantivo un coloquio aberto, no que un sector do público asistente, identificado cun partido determinado do nacionalismo galego, criticó duramente dende perspectivas políticas o labor dos realizadores galegos, que cezáis por lei psicolóxica se constituiron en bloque defensivo, cando en realidade as diverxencias en plantexamentos cinematográficos e político-culturais entre eles están de manifesto dende hai tempo. As esixencias políticas de cara a un cine militante galego deixaban a unha beira a auténtica análise das películas que se proxectaran, dende un triple nivel: político, ideolóxico e artístico. Era unha crítica radicalmente política que, non cabe dúbida, tiña cabida no coloquio. E non só isto, senón que ademais era necesario que se fixera. Algúns dos realizadores aceptaran nas «sesións de traballo» o renunciar ó tipo de cine que estaban a facer, pra se comprometeren cun cine máis directo, testimonial e por qué non, de militancia política. Pero creando ó mesmo tempo unha estética. Porque, e nisto tiña razón Carlos Piñeiro, ún dos homes que máis claro ten o tema, o problema inicial está na expresión, na linguaxe, que terá que responder a unha estética válida e coherente, política e ideolóxicamente, coa realidade do País Galego. Non se trataría polo mesmo dun cine panfletario, senón dun elemento importante pra comunicación co pobo, nen dun cine propagandístico, porque como moi ben decía Manolo Castelao, sería o

cine feito polos partidos políticos, e nestes tempos os partidos necesitan os cartos pra outras cousas máis urxentes.

O comunicado dos realizadores coruñeses —nin siquiera tiveron posibilidade de refrendalo coa súa firma os participantes nas «sesións de traballo» das Xornadas, cando tódolos puntos do mesmo foron discutidos nelas, o que por parte dos autodenominados «cineastas» non ten xustificación algunha— puidera servir de conclusións ás que se chegou por vía de análise. Unicamente constatar que o derradeiro punto, referido ós cines nacionais do Estado, necesitaba dunha redacción máis concreta, proposta que foi feita por persoas non firmantes presentes en Ourense e que os «cineastas» da Coruña preferiron pasar por alto. E resulta curioso que algún dos firmantes —crítico e non cineasta, coma dous máis dos catorce— censurara o «manifesto dos cines nacionais» de hai un ano por abstracto e conceptual, cando deixa este punto das interrelacións cos cines de outras nacionalidades no aire, precisamente cando os representantes dos mesmos, nas comunicacións que enviaron ás «Xornadas» (a elas referiréime na segunda parte desta crónica que sairá publicada no número da semana que ven) manifestaban querer apoiar un comunicado feito neste senso. Pro os «cineastas» da Coruña parece que tiñan moita presa por chegar á prensa. Agora ningún vai firmar algo que xa está rematado e consumado.

ANDANDO, FAISE O CAMIÑO

Pero isto é outro cantar. O cine galego, colectivamente ou de maneira individual, terá de saír da situación fosilizada na que parece querer asentarse, lonxe de literaturas e perto de acontecementos. Sexa con documentos ou sen eles. O organismo que se tenta é máis que posíbel. Como é importante a iniciativa de Víctor Ruppen de crear unha produtora e forza-la visión das películas que se vaian realizando; como sería importante que «Nós, cinematográfica galega S.A.» fose aproveitada dalgún xeito; e non digamos da existencia xa dese circuito paralelo que está a se constituir. Por suposto, os realizadores galegos están ahí. Comenzan a manexala cámara con certa soltura. Hai lóxicamente que contar con eles. Como hai que contar con Carlos Velo, un nacionalista galego que entrou no cine dende e pra Galicia, e que participou nas «Xornadas» deste ano —diso falaremos na segunda parte da crónica— con entusiasmo e cun grande interés. Como hai que contar con outros profesionais coma Enrique Banet e outros, que dende a súa profesionalidade saben que o País Galego necesita da imaxe pra algún día non lonxano topar co seu propio destino.



Mon Vasco é un xoven escultor galego, nado en A Coruña, fai 25 anos. Ten realizado múltiples exposicións por España, e ten estado becado polo Senegal, Mallí, onde realizou importantes descubrimentos, que lle haberían de valer moito na súa formación como escultor, sobre todo sobre ébano.

Mon é deses escultores que pescudan novas formas de expresión, anovando, como no seu día xa fixeran tamén Acisclo ou Silveiro Rivas, o panorama da escultura galega, que tanta atención viña necesitando. Así pois, a súa obra participa tanto dun equilibrio como dun xeito de anovación vangardista, de aventura.

A OBRA

Nestas obras máis recentes, a escultura de Mon Vasco está escrita coa palabra do silencio. Fica lonxe aquela palabra ancestral, totémica, que falaba dende o seu primitivismo africano, aínda que con palabras de hoxe. Non: agora é a paixón trocada contemplación, o ritual, a enerxía vívida trocadas en silencio í en poesía.



Nada máis doado nel que esas sutís cadencias, ese matizado, sensual deslíz de curvas que humanizan a presenza xa de seu quente, humán, da madeira como materia, eixe, momento de escultura. Un motivo cálido, doado, íntimo, sobre o que a palabra etérea da escultura esbara a súa linguaxe de ár e de presenza.

Unha escultura de claves occidentais, e vangardistas, pro cunha madurez e unha sabencia dos elementos que nos sorprenden nun artista tan xoven. Unha obra que se plantexa ambiciosamente unha nova concepción do espazo. Un espazo total, conquistado dende tódalas posicións, poliédrico, como un dado: pois estas esculturas (i

Hasta o día dez de maio, o escultor Mon Vasco amosa, na galería de arte Mestre Mateo da A Coruña, unha colección coa súa derradeira produción. O noso colaborador Xavier Seoane fixo o traballo.

Nova saiva pra a escultura galega

ése é un dos seus grandes acertos tanto como o punto onde se esconde cecáis o seu segredo), trócanse de posición, son lúdicas, como a pelota, como o dado, como o diamante, amosando, segundo a posición adoptada, multiplicidade de matices, valores, suxerencias.

E agora que toquéi o termo de «suxerencia», quero decir que na escultura de Mon Vasco a emotividade en bruto está transformada hábilmente en quedo matiz, en suxerencia silenciosa, sobre a que o espectador se fundamenta pra se adentrar nese mundo de misterio, de gravidade, de peso, que se arquitectura sobre o chán grávidamente. Arquitecturar: crear arquitectura, crear presenza, ámbito, hábitat. Nada que degoire máis vivamente Mon Vasco: poder realizar esto en grandes dimensións, sacalo á rúa, ao parque, ao tacto, onde se poida xogar, palpar, táctilmente gozar da súa presenza.

Neste orde de cousas, o mesmo Mon sabe que estas esculturas farían a súa auténtica función comunicativa en grandes formatos, na rúa. Pero eso, hoxe por hoxe, é imposible: non pertence a rúa aos

creadores da palabra, os detectadores da auténtica linguaxe. Deste xeito, a palabra dos nosos escultores seguirá ficando na cárcere dun interior, nun pequeno curruncho, pra delectación dos detentadores da linguaxe terxiversada.

Vexo tamén nesta obra o planteamento de problemas formais claves hoxendía. Así, a obra é campo aberto pra preguntar, a cuestionación. Razón de que está viva. Por eso, esa capacidade de inqueda, e incluso de desasosego, ao contemplala.

Con esta escultura, si se é lúcido, non pode ún deixar de xogar, trocándoa de posición, penetrando deste xeito nos segredos da forma e da materia. Coido que este proceso inacabado, este movemento perpetuo, esta multiplicidade de enfoques, fala en linguaxe de liberdade contra toda verdade anquilosada ou tranquilidade da ollada. Ademais, a manipulación da obra é táctil, lonxe dun resorte maquinal, tecnolóxico, como tantos outros, que a alonxan do individuo. Un bo exemplo do que se pode facer cuns anacos de madeira e un pouco de imaxinación, paixón e creatividade.

O remuíño

XAVIER MARIÑO

güística de entidades do País Valencián, e poderíamos ter algún caso máis en Cataluña, sen necesidade de remexermos moito. ¿E tan difícil pedir ás nosas diputacións, axuntamentos ou mesmo entidades bancarias axudas económicas concretas pra feitos culturais ou institucións que traballan pola nosa cultura? Pois sí, é moi difícil. Xa se fixo e non houbo nada. De cando en vez algunha cousa illada e cativa, pro nada máis.

O I.L.G. (e non é máis ca un exemplo coma onte falabamos doutros) vense mantendo do voluntarismo e as ganas de traballar dalgúns catedráticos, profesores adxuntos e moitos non numerarios que gañan os cartos noutras actividades docentes e logo empregan parte do seu tempo nos labores do Instituto. Un Atlas Lingüístico de Galicia, por exemplo, non se fai gratis, coma non se fan sen cartos os dicionarios pra nenos que están a piques de saír, as 16 publicacións que leva editadas a institución, o anuario galego de filoloxía «VERBA» (tres volumes fóra xa do prelo), os cursos pra mestres cara o ensino galego, traballos pedagóxicos e lexicográficos, etc. Todo costa diñeiro e aquí, neste país, polo que parece, prodúcense miragres tódolos días (amáis dun atentado permanente contra da nosa cultura por parte das institucións. Un atentado disimulado, indirecto, pro real, absolutamente real).

300 mil pts. anuais recibe de axuda económica o INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (I.L.G.) prás súas actividades, que ven desenvolvendo dende 1971 en pro do estudio, normativización, análise e alternativas científicas pró noso idioma. Estes cativos cartos (pro os únicos) veñen da Fundación Barrié. Outra vez temos que falar de diñeiro.

Un libro coma «*Nomenclatura de la flora y de la fauna marítima de Galicia*» de MARIA DO CARME RIOS PANISSE, unha das últimas publicacións do Instituto, costa oitocentas mil pesetas, segundo confirmou FERNANDEZ DEL RIEGO. «Necesitaríamos arredor dos seis millóns de pesetas anuais pra facermos frente ós gastos e levarmos adiante os nosos proxectos», decía logo CONSTANTINO GARCIA en nome do Instituto. Pro, ¿de ónde saen os cartos?

E o tema de sempre cada vez que temos que falar de proxectos e realizacións. Onte falabamos aquí dos problemas económicos das Xornadas de Cine de Ourense (que outra vez volveron a rematar con déficit), das Mostras de Ribadavia ou as Xornadas e Mostras de Teatro Galego de Vigo. ¿De ónde poden saír-los cartos pra financiar-la nosa cultura?

MENDEZ FERRIN puña en Vigo dous exemplos cando falabamos dos problemas económicos do I.L.G.: a Diputación de Gupúzcoa paga do seu peto unha cátedra de lingua e literatura vasca dende hai unha chea de tempo; Ninyoles recibe cartos prós seus traballos de socioloxía lin-

O Pen-Club galego de escritores

O próximo día 23 reúnen-se na Facultade de Filoloxía Románica de Santiago os escritores galegos para ver da constitución do centro galego do Pen-Club internacional, institución creada en 1919 en Inglaterra e que xunta, hoxendía, a unha grande parte de escritores de case-que tódolos países do mundo.

Bernardino Graña, Antón Santamarina e máis Marino Dónega constituiron xa nunha primeira xuntanza informativa (á que viñeron dous representantes do Pen-Club catalán) a comisión xestora que deu os primeiros pulos ó futuro organismo. «Trátase de que Galicia estea presente internacionalmente coma unha cultura propia, nosa, dentro da súa dinámica», dinos Bernardino Graña. A idea é presentalo Pen-Club galego, no caso de que se constituía o próximo día 23, na xuntanza do Pen-Club internacional que se celebra en maio en Estrasburgo.

A comisión xestora convoca, para discuti-los estatutos do futuro Pen-Club galego, a tódolos escritores que publicaran polo menos un libro na nosa lingua (contan tamén os libros colectivos). Trátase de pular unha alternativa de catro Pen-Clubs dentro do actual Estado Español (un por cultura e lingua) e non un Pen-Club español único, que é o que se quere crear dende certos sectores de Madrid. Cóntase para isto co apoio da organización internacional do que o secretario xeral é o escritor peruano Mario Vargas Llosa. Segundo nos din os promotores, están invitados á xuntanza do 23 tódolos escritores galegos que reúnan a condición da obra publicada.

Escolma/TEIMA

LIBROS

José Fortes, Restituto Valero. QUE SON LAS FUERZAS ARMADAS. Biblioteca de divulgación política. La Gaya Ciencia. Madrid, 1977. 77 páxs. (ensaio político).



Os autores (dous membros da UMD que foron botados no seu día do exército) reivindicán en primeiro termo o dereito a criticar, a replantear críticamente o papel e a constitución mesma das Forzas Armadas nunha vindeira sociedade democrática. Fortes Bouzán, noutro número da nosa revista, explicaba os seus plantexamentos cara un exército na democracia. ¿Cál é o papel das FAS na futura sociedade española? Aínda máis, ¿qué papel xogóu o Exército como institución xerarquizada, burocratizada, pechada, hermética (son adxetivos dos autores do traballo) impermeábel ós movementos e inxerencias sociais, inmovilista na historia política dos españois nos últimos corenta anos?

O libro foi secuestrado namáis saír ás librerías. Na primeira parte fan os autores unha análise máis ben ideolóxica e sociolóxica das FAS. Na segunda parte, logo dun viaxe pola historia desde a guerra da independencia e a Constitución de 1812, propoñen tamén as súas alternativas. Poucas veces se teñen feito análises tan en profundidade (a pesares das limitacións que supón telo que arrexuntar todo en 70 páxinas) dunha institución decisiva nas sociedades caseque desde que o home é

home: a institución que controla e ten a forza das armas.

A alternativa dos dous militares neste libro vai cara unha reforma democrática das Forzas Armadas, reforma que eles consideran urxente sobre todo tendo en conta a etapa histórica que nos vai tocar vivir. Unha reforma que modernice técnicamente o exército, axilice as súas estruturas, venzále á vida intelectual e política da sociedade, fágao máis económico, promova unha dimensión social da vida militar (hai grandes posibilidades nun servizo militar obrigatorio, mais non necesariamente nas armas), etc. Todo isto cara un verdadeiro respaldo popular.

¿Cómo acadar ese respaldo real, o consensus do pobo ó que ten a obriga de servir? Primeiro que nada, din os autores, admitindo a crítica do pobo das mesmas estruturas do exército. Propónse no libro toda unha reforma das forzas armadas, que pasarían a depender sempre do poder constitucional e político. Logo, e fundamentalmente, defendendo e servindo á constitución (e mesmo ós cámbios constitucionais que poidan vir) que é elaborada democráticamente pola sociedade ó traveso dos seus órganos de poder civil representativos. A ameaza atómica obriga a replantear dun xeito radical unha política de defensa exterior. Agora ben, as Forzas Armadas deben ter clara unha misión que non se contradice coa defensa exterior: a defensa da constitución democrática, unha constitución que debe ter en carteira, entre os seus primeiros proxectos (teiman os autores), a reforma do Exército.

Fortes e Valero reivindicán prá comunidade o dereito á crítica dunha institución decisiva e fundamental nesa comunidade. O secuestro do libro ven amosar que aínda hai eidos inasequibéis.

Xulio G. Sequeiros, M. Ceferino Díaz Díaz, M. Xaime Barreiro Xil. A «AUTOPISTA DEL ATLANTICO» (SISTEMA DE TRANSPORTE E DESENROLO GALEGO). Agra Aberta. Dossier. Galaxia. Vigo, 1977. 163 páxs.

Non se pon en duda nen se cuestiona aquí a necesidade ou non das autopistas, segundo explican os autores do traballo no limiar. Ponse en duda e criticase (entendendo por crítica a análise

intelixente, racional dos feitos) a comenencia ou non dunha autopista concreta á que xa TEIMA adicou un dos seus informes: a «Autopista del Atlántico».

A tese dos autores apóiase na inexistencia dunha ordenación aínda do territorio, o feito de non se teren en conta posibles inversións alternativas que cadren mellor co intre actual do contexto socio-económico galego, na experiencia doutras autopistas feitas no mesmo Estado Español, o xeito de leva-las cousas no noso caso, etc, son factores a ter en conta no intre de adoiar unha posición diante da Autopista. Unha cousa debe quedar clara: a non identificación Autopista-Progreso, identificación que ven pulada dende os intereses do capital promotor da obra e que se apoia nun desenrolo aparente que de ningunha maneira via ó fondo da estrutura social e a realidade socio-económica da Galicia de hoxe.

Somentes partindo da análise socio-económica da realidade galega, coas súas contradicións, loitas, problemas estruturais, atrancos e desigualdades, dependencias internas e externas, desequilibrios dentro do mesmo territorio e nos diferentes eidos da produción e a sociedade, pódese explica-la negativa ou aceptación da autopista proposta.

A situación da economía galega esixe hoxe o artellamento dunha rede viaria o máis completa posíbel, cómoda, eficaz, que chegue a todas partes, cousa que non ven solucionar unha autopista (ese túnel directo, caseque sen escalas, entre os dous centros do capital e o desenrolo: Vigo-Coruña). Trátase de establecer prioridades e, dende as vías de comunicación, planear tamén un desenvolvemento armónico, axetado, do país.

REEDICIONS

Carlos Casares. XOGUETES PRA UN TEMPO PROHIBIDO. Galaxia. Vigo, 1977. Cuarta edición. Premio da crítica 1976.

Somentes unhas liñas para suliña-la saída da cuarta edición dos «Xoguetes...» do Casares, un dos libros de maior pegada dos últimos tempos nas nosas letras. Catro edicións dende agosto de 1975 tamén son noticia editorial.

cartas a dirección



NON A DIVISION

Sr. Director: Dende que se començou a publicar a revista son leutor da mesma. Acompañolle tamén o boletín de suscripción pra a mesma, co que demostro o meu interés en que vaia pra diante, mais quixera permitirme un pouco de crítica, si Vd. mo permite sobre da mesma.

Cavilo que o propósito de TEIMA é o da defensa da nosa Terra e dos problemas que nela se plantexan, o que é pra aplaudir a súa laboura. Mais por outra banda comprobo día a día que parece ser que somentes está feita pra aqueles galegos que puideran estar encaixados na extrema esquerda. Que case a totalidade dos seus artigos critican todo o que se fai por aqueles que non pertencemos aínda a ningún partido. Pra min todas estas críticas non son feitas máis que pra apuntarse tantos e lograr algún peixe nas augas revoltas, que como vostede sabe, son propicias prós pescadores.

Cando tódolos compoñentes do lote de siglas, ou algúns deles, fagan algunha laboura pola nosa Terra, e polas súas xentes, sexan labregos ou mariñeiros, algo que se vexa, logo empezaremos a facerlles caso. Mentras, o único que fan é protestar por todo o que fan os outros, ou fixeron. Mentras tanto non estamos dacordo moitos centos de galegos. Pra pillar os peixes temos que mollar as pernas e algunhas veces aínda mollarse un pouco máis arriba. Estóu dacordo que nos últimos anos fixéronse moitas cousas mal feitas, mais esto non quere decir que non houbera algo tamén que non estivera tan mal. Que temos moito camiño que andar todos xuntos, completamente dacordo, mais paréceme que querer andar decote apuntándose feitos cada un pola súa banda, coído que non facemos mais que mal a todos. Chega o momento en que os traballadores, labregos ou mariñeiros, non poden saber si a razón está no PCG, CC.OO., UGT, USO, PTE, ORT, e moitos mais que quedan no tinteiro.

Un pouco de formalidade pra todos e cavilemos que deixando un pouco a un lado a ideoloxía política particular de cada un deles, debemos en conxunto loitar por unha sociedade galega máis xusta, máis representativa e máis forte, antepoñendo os intereses particulares de cada partido. E xa vello o refrán de divide e seremos vencidos. Unión fai forza.

Un saúdo.

Antonio del Río Sánchez
Marzoa
(Ordes)

N. da R.:

Vaia por diante que estamos de acordo co señor Del Río na necesidade de que tódalas forzas políticas sinceramente preocupadas por Galicia poidan chegar á unidade que os galegos estamos a esixir, cara á defensa dos nosos intereses como pobo. Quen siga cunha mínima atención a liña editorial de TEIMA atopará un constante chamamento a esa unidade, moi difícil de facer des-

de posturas partidarias, sexan de esquerda, dereita ou centro. Igualmente difícil sería acadar unha tirada de quince mil exemplares —sesenta mil lectores— se, coma o señor Del Río afirma, TEIMA estivese feita «pra aqueles galegos que puideran estar encaixados na extrema esquerda». Como é sabido, ese sector do arco político —ó que, hai que decilo, non pertencemos— acostuma ser minoritario, e esta revista, coma calquera outro medio de comunicación, ten vocación de maiorías.

Tamén estamos de acordo co señor Del Río en que non todo se fixo mal durante os últimos anos: nunca dixemos iso. Ocorre que hastra hai moi pouco todo estaba ben feito por disposición oficial (compre non esquece-la función que durante tanto tempo cumpríu o Ministerio de Información e Turismo), e agora, cando algunha prensa independente comeza a insinuar que non son troitas tódalas que pican, hai xente que se sorprende. Cecáis sexa este o caso do noso comunicante, quen —ó noso entender— erra cando afirma que a totalidade dos artigos de TEIMA «critican todo o que se fai por aqueles que non pertencemos aínda a ningún partido». Esta revista —que tampouco pertence a ningún partido— gañou xa a enemistade dalgúns grupos de esquerda e o boicot por parte dun da extrema esquerda, xustamente por quererse manter á marxe deles. O que non pomos en cuestión é a necesidade de que todos —os da esquerda e os da dereita— existan e actúen en pé de igualdade, coma garantía pra que calquera galego poida escoller libremente unha vía de solución ós problemas do seu país.

Polo demáis, agradecemos ó señor Del Río o evidente propósito construtivo da súa carta e a suscripción que nos envía. Homes que, coma el, se preocupen polo presente e o futuro deste país é o que lle fai falla a Galicia.

UNHA OPRESION MAIS

Señores: son un galego máis. O feito que se está a dar no Castro da Devesa (Ribadeo) é unha mostra máis da opresión de que somos obxeto, do desinterés cara ós nosos problemas e, neste caso, á nosa cultura.

Coma de todos é sabido, no citado Castro apareceron tumbas celtas que contiñan restos humanos perfectamente recoñecibles e de incalculable valor etnolóxico. Os cimentos da nova casa que se pensa erguer derriba dil xa están postos, o hormigón armado xa tapou as tumbas. Quero, dende estas liñas denuncia-lo feito cara a opinión pública galega unha vez máis.

Non debemos pensar que nos enfrentamos cun feito xa consumado. E certo que xa non se pode impedir a construción da casa. Agora loitaremos pola súa demolición. Non quixera ser profeta en terra de profetas, pro véxolle pouco tempo de estar en pé á edificación. Coma tantas outras cousas que o percisan, a casa será demolida. Non debemos respetar ós que non respetan ós nosos antepasados. Non queremos. Prégolle publiquen esta nota, íntegramente, recollendo así un dos derradei-

ros berros dun pobo asoballado que desperta.

Atentamente.

L.M.R.L.
(do pobo de Ribadeo)

DENDE SUIZA

Queridos compañeiros da redacción de TEIMA: Despois de facerme con va-

rios números da revista e leelos atentamente, convencínome da necesidade de suscribirme. TEIMA convenceume porque entendo, dende o meu punto de vista, que é o periódico máis auténtico de Galicia pra tódolos galegos.

Reciban o meu fraternal saúdo.

Xosé Lourenzo Presa
Konizstrasse, 131, F
Liebfeld, 3097
Berna (Suiza)

MENOS NORMATIVIZACION E MAIS NORMALIZACION

Moi señores meus: No número 11 da súa —da nosa— revista, na sección «cartas á dirección», aparece unha encol da normativización do galego —tamén da normalización— ao que eu quixera facer unhas puntualizacións.

Non estóu dacordo en que a normativa ten que ir parella á normalización. En primeiro lugar porque en contra dos «entendidos», as normas non lle dan forza nin base a ningún idioma. En segundo lugar, porque o galego xa ten a súa normativa.

Esprícome: un idioma non é un xoguete nin tan xiquera o resultado dun experimento de laboratorio, é a creación dun pobo, dunha colectividade pra se espresar. E o pobo é quen pon as normas sin necesidade de académicos nin «entendidos» —os idiomas foron denantes que as normas— que o único que fan é «colonizar» o idioma co seu «idioma» que por suposto non é o verdadeiro. As linguas son vivas, dinámicas. Non se lles pode poñer cadeas e aínda que se lles poñan non se conquiere nada. Si o latín chegara a ter unha normativa rixida ¿evolucionaaría? Eu coído que sí. ¿Acaso no castelán non hai dialectos a pesares da súa normativa? ¿Non hai modalidades na fala? ¿Falan igual tódolos casteláns? ¿Cál é o verdadeiro castelán, o da R.A.E. ou o do pobo? A pesares da normativa ¿non se separa cada día máis o castelán de América do da Metrópoli? Un andaluz ten tanta dificultade pra aprender a escribir o castelán oficial coma calqueira neno galego-falante, pero pode entenderse cun paisano de Valladolid. O que non se pode pretender é que todos señamos académicos. Como proba de que a normativa non é tan importante, temos no mundo moitos idiomas oficiais que non están normativizados, por exemplo o inglés. Hai que trocar os criterios: no canto de aprender a maioría as normas da minoría, que a minoría máis «superior e intelixente» aprenda as normas da minoría.

Por outra banda, o galego xa ten a súa normativa, a que o pobo galego lle deu. A normativización vese na práctica e si se quere comprobar podemos xuntar dous paisanos galegos de calqueira punto de Galicia, aínda que sexan de zonas dialetais diferentes, e veremos cómo se entenden.

O «pluralismo ortográfico» do que se fala no escrito non creo que sexa ningún problema, agás, como di o comunicante, pra os «iniciados». Como os «iniciados» aos que se refire han ser, supoño, casteláns falantes, o que teñen que facer é aprender, denantes de nada, a normativa real do galego con tódolos seus secretos. Poden facelo estudiando atentamente a «gramática elemental del gallego común» de Carballo Calero que ademais está escrita en castelán. Si os iniciados son galegos que encetan a ler en galego, non creo eu que o «pluralismo orgográfico» os maree moito.

(...) Os erros «de formas e construcións» sóio os poden cometer os castelán-falantes que se poñen a falar i escribir en galego traducindo directamente do castelán, e din cousas que calqueira galego, que o sexa de nacimiento e non de fabricación, sin coñecer as normas do idioma, sabe que está mal dito. Esta terxiversión do idioma —o cal non ten a culpa— podémola atopar sobor de todo cando a empregan dunha forma oportunista que nos non o sinten. Como probas temos os panfletos políticos que podemos ler e «algunhas» conferencias que podemos ouvir.


De tódolos xeitos calqueira galego entende millor un papel escrito en galego non normativizado que un papel oficial escrito en castelán normativo. Si o galego non morréu durante os seus cinco séculos de silencio foi porque a súa normativa era —i é— intrínseca e non imposta.

¿Qué galego normalizar? Non hai máis que un galego: o idioma que falan en Galicia os galegos. Hai que deixarse de tanta normativización e loitar pola NORMALIZACION real.

O idioma patrio non se aprende, síntese; non se lle pon chatas, constrúese; non se cura, resucítase.

Emilio González Legazpi
Chantada, 26, 3.º, drta
Lugo

Milleiros de galegos como vostede están lendo este anuncio.



Milleiros de galegos que comparten con vostede unha inquedanza polos problemas e o futuro do seu país.

Milleiros de homes que constitúen si dúbida ningunha o sector mais conciencizado do noso pobo... Por eso, cando vostede decide anunciarse en TEIMA non está a facer un gasto sen outra contrapartida que a satisfacción persoal de apoiar unha causa.

Está a facer a inversión máis ren-

tábel prá súa empresa:
a publicidade.

¿Interésalle dar a coñocer os seus produtos?

¿Quere millorar a súa imaxe empresarial?

TEIMA ofrécelle un canle. Non o desaproveite.

As nosas tarifas e condicións de inserción serán pra vostede un motivo de agradable sorpresa. Pídaas á súa axencia habitual ou ó noso Departamento de Publicidad.

Rúa do Hórreo, 94 Santiago.

teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Millóns de nenos condenados a morte.

Indúlteos.

Neste intre, a única saída
pra 900 millóns de nenos é morrer.
900 millóns de nenos están condenados
pola fame, as doenzas
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.
Fágase socio de Unicef.
Nunca terá empregado millor
un pouco de diñeiro.

unicef

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome

Dirección

Cidade Distrito

Teléfono